

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de xuño de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte de sete de xuño de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(641).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 13 de xuño e extraordinaria e urxente do 17 de xuño de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(642).- SUBVENCIÓN AO COLEXIO DE SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DO CURSO “TALLER DE CONTRATACIÓN PÚBLICA”. EXPTE. 11203/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.05.14, o informe de fiscalización, do 13.06.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relaciones Públicas, do 9.06.14, conformado polo concelleiro-delegado de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a COLEXIO TERRITORIAL DE SECRETARIOS INTERVENTORES E TESOUREIROS DE ADMINISTRACION LOCAL DE PONTEVEDRA (Q-3666007-D) , unha subvención por importe de 8.000 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados pola celebración do curso "Taller de Contratación Pública", e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 "Outras Subvencións" , do orzamento actualmente prorrogado, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo.

Todo isto con arreglo ás seguintes ESTIPULACIONES:

- 1. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- 2. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*
- 3. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.*
- 4. A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ate o 20 de Setembro, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se o beneficiario solicitar a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do*

artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia mediante os oportunos certificados acreditativos.

5. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
6. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e, de seguimento e comprobación das actividades subvencionadas propostas , solicitadas por COLEXIO TERRITORIAL DE SECRETARIOS INTERVENTORES E TESOUREIROS DE ADMINISTRACION LOCAL DE PONTEVEDRA (Q-3666007-D) , serán competencia do servizo de relacións públicas e protocolo da Alcaldía.
8. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
9. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.
10. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e de máis actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.
11. O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
12. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerase pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3(643).- SUBVENCIÓN A AULAS ABIERTAS-COMEDORES ESCOLARES PARA AXUDA DE GASTOS POLA PARTICIPACIÓN NO FESTIVAL SOLIDARIO DA ESCOLA DE MAXIA “ANA TAMARIZ” DE MADRID. EXPTE. 11202/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.05.14, o informe de fiscalización, do 17.06.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relaciones Públicas, do 9.06.14, conformado polo concelleiro-delegado de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a AULAS ABIERTAS – COMEDORES ECOLARES (G-27794445), unha subvención por importe de 789 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados de transporte estancia pola participación no festival solidario da escola de maxia "Ana Tamariz" de Madrid, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 (Outras Subvencións), do vixente orzamento, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo”.

Todo isto con arranxo ás seguintes estipulacións:

- 1. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- 2. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*
- 3. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.*
- 4. A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ate o 20 de Setembro, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se o beneficiario solicitara devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da sub-*

vención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

5. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia mediante os oportunos certificados acreditativos.
6. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e, de seguimento e comprobación das actividades subvencionadas propostas , solicitadas por AULAS ABIERTAS – COMEDORES ECOLARES (G-27794445) , serán competencia do servizo de relacións públicas e protocolo da Alcaldía.
8. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
9. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.
10. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e de máis actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.
11. O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
12. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

4(644).- PROXECTO DE CONVENIO COA S.C.G. CENTRAL RADIO TAXI, A PLATAFORMA POLA ACCESIBILIDADE SOLIDARIA DE VIGO “PASO VIGO” E CAIXABANK S.A. PARA A ORGANIZACIÓN E O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE DO PROGRAMA MUNICIPAL “LECKER NO VERÁN”-PERSOAS CON DISCAPACIDADE- ANO 2014. EXPTE. 87005/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.06.14, e de acordo coa proposta do xefe de Área de Política de Benestar, do 16.06.14, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo, a S.C.G. Central Radio Taxi, a Plataforma pola Accesibilidade Solidaria de Vigo “PASO VIGO” e CAIXABANK, S.A., para a organización e o financiamento do servizo de transporte no mes de xullo do programa municipal “Lecer no Verán” para persoas con discapacidade -ano 2014.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO, A S.C.G. CENTRAL RADIO TAXI, A PLATAFORMA POLA ACCESIBILIDADE SOLIDARIA DE VIGO “PASO VIGO” E CAIXABANK, S.A.-FUNDACIÓN “LA CAIXA” PARA A ORGANIZACIÓN E O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE NO MES DE XULLO DO PROGRAMA MUNICIPAL “LECKER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE” – ANO 2014».

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Manuel Chorén Souto, con DNI nº 36.020.377-P, Presidente da Sociedade Cooperativa Galega (S.C.G.) Central Radio taxi, CIF nº F-36625499, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Josefa Estarque Vila, nº 7, CP 36204 Vigo.

D^a. Concepción Somoza Torres, con DNI nº 36.053.985-J, representante da Plataforma pola Accesibilidade Solidaria de Vigo “PASO VIGO”, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Miguel Hernández nº 1, CP 36210 Vigo.

D. Santiago Picallo Búa, con DNI nº 35.284.229-K, Director de Banca de Institucións Galicia – Zona Sur da entidade CAIXABANK, S.A. (CIF nº A-08663619), con enderezo para os efectos de notificación na rúa Sánchez Bregua nº 5, CP 15004 A Coruña.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Manuel Chorén Souto, actuando en representación da S.C.G. Central Radio taxi, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Concepción Somoza Torres, en representación de "PASO VIGO", segundo ten xa acreditado perante esta Admón.

D. Santiago Picallo Búa, en representación de CAIXABANK, S.A., segundo así resulta da escritura de apoderamento achegada, de data 30.06.2011, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social; servizos declarados obrigatorios para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.k) e 26.1.c) LRBRL e 80.2.k) e 81.c) LALGA).

II.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir, para mellorar a súa calidade de vida, a dispositivos e servizos de lecer e respiro familiar como o que se presta desde hai anos co programa de "LECER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE".

IV.- Que, en efecto, a Concellería de Política de Benestar ven realizando desde o ano 2008, en colaboración coa plataforma de asociacións "PASO VIGO", o programa "LECER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE", destinado a persoas con discapacidade física e/ou psíquica, a partir dos 6 anos de idade e que estean empadroadas no Concello de Vigo.

Trátase dun programa de lecer e respiro familiar de carácter non permanente que este ano desenvolverase, nos meses de xullo e agosto, en dous centros accesibles e adaptados ás necesidades persoais dos participantes: o Centro S. Francisco (r/Cangas, nº 14) e o Museo Verbum (Avda. de Samil, nº 17).

Consta de dous proxectos: "Divértete no verán", no mes de xullo (Museo Verbum), e "Verán do lecer" (Centro S. Francisco), no mes de agosto.

V.- Que o programa estará a cargo de persoal debidamente formado e cualificado, correspondendo a coordinación do proxecto á "Asociación xuvenil Abertal", contratada «ad hoc»

polo Concello, e a superior coordinación e supervisión técnica á funcionaria municipal responsable do servizo de persoas con discapacidade.

VI.- Que está cofinanciado pola Concellería de Política de Benestar e polas propias persoas beneficiarias e o seu axeitado desenvolvemento require a organización do desprazamento das persoas usuarias que, en moitos casos, precisan de medios especiais de transporte.

VII.- Que o Concello de Vigo viña asumindo ata o de agora, con cargo ós seus orzamentos, o 50% do custo do transporte das persoas usuarias deste programa, desde o seu domicilio ata o lugar no que se levan a cabo as actividades e o outro 50% correspondíalle ós usuarios. Para rebaixar os custos deste servizo víñase utilizando o autobús adaptado (PMR) da concesionaria do transporte público de Vigo, "Vitrassa", e tamén furgonetas adaptadas cedidas por determinadas asociacións de discapacitados.

VIII.- Que CAIXABANK, S.A., a través da súa Obra social (Fundación "La Caixa"), ofreceuse de forma voluntaria para financiar parcialmente ese custo, en colaboración coa S.C.G. Central Radio taxi e da asociación "PASO VIGO"; iniciativa social que, loxicamente, merece todo o apoio por parte do Concello de Vigo.

IX.- Que o presente convenio de colaboración contempla, coas debidas adaptacións, as prescricións básicas que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento xeral do 2014 relativas a competencias de aplicación, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de formalizar os termos da colaboración para a execución deste programa municipal, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo, a Sociedade Cooperativa Galega Central Radio taxi, a plataforma de asociacións "PASO VIGO" e CAIXABANK, S.A. – Fundación "La Caixa", para sufragar durante o mes de xullo de 2014 o custo do servizo de transporte para as persoas con discapacidade usuarias do programa municipal "LECER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2014" (proxecto: "Divértete no verán" –xullo – Museo Verbum).

No mes de agosto, o custo do servizo será asumido integramente polo Concello de Vigo, sen que as persoas usuarias deban realizar ningunha achega económica por tal concepto (proxecto: "Verán do lecer" –agosto– Centro S. Francisco).

SEGUNDA.- A S.C.G. Central Radio taxi, en colaboración coas asociacións integradas na plataforma "PASO VIGO", prestarán a través dos seus asociados o servizo de transporte "porta a porta" deste programa no mes de xullo de 2014, mediante EUROTAXIS e vehículos axeitados ás necesidades das persoas usuarias (uso de cadeiras de rodas eléctricas e manuais, con transferencia, sen cadeira...).

Pola súa banda, CAIXABANK, S.A. asumirá integramente o custo do servizo durante ese mes de xullo, estimado na cantidade de 4.401,00 €, satisfacendo os correspondentes importes directamente á cooperativa de taxis.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo farase cargo da coordinación xeral e a supervisión do desenvolvemento dos dous proxectos que integran o programa "LECER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2014", incluída a organización das rutas de recollida, e

cofinanciará o custo do resto dos servizos e prestacións (p. ex. comedor, monitores acompañantes...), excluída agora a de transporte no mes de xullo.

CUARTA.- A vixencia deste Convenio de colaboración está vencellada á execución do proxecto "Verán do lecer" do programa "LECER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2014", no mes de xullo deste ano.

QUINTA.- Como mecanismo de coordinación e, de ser o caso, de solución de eventuais controversias, crease unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas propios do servizo obxecto de convenio. Estará composta por un representante dos taxistas, un de "PASO VIGO" e outro de CAIXABANK, S.A. e por dous técnicos municipais, sendo presidida pola Concelleira responsable da Área.

SEXTA.- As entidades colaboradoras deberán dar a adecuada publicidade ó programa municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa desta Concellería, ademais dos das entidades colaboradoras, CAIXABANK, S.A. – Fundación "La Caixa", S.C.G. Central Radio taxi e "PASO VIGO".

SÉTIMA.- Este Convenio ten natureza e carácter xurídico – administrativo e rexerese, no que sexa de aplicación, pola L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común, pola lexislación sobre a materia obxecto de convenio e, no seu defecto, pola normativa de contratación do Sector público e demais normas de Dereito administrativo e privado aplicables.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por cuadruplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

5(645).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO PROFESIONAL EN MATERIA DE SEGUROS PRIVADOS AO CONCELLO DE VIGO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 4812/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.06.14, o informe de fiscalización do 24.06.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Contratacións, do 23.06.14, conformado polo concelleiro-delegado de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación por procedemento aberto do servizo de mediación de seguros privados, redactados pola xefa do servizo de Contratación con data 30 de maio e 23 de xuño de 2014.

2º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

6(646).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 15774/332.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 24.06.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos sevizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza. Expte 15774-332 c no seguinte orde decrecente:

1.- Wenceslao Cabezas del Toro: 80,5 puntos.

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar Wenceslao Cabezas del Toro, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 680,44 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

7(647).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) V. VILLAMOR S.L. EXPTE. 4864/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.06.14 e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 12.06.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. a fianza de 46.573,24 euros constituída para responder das obras de revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do Castro, xa que foron recibidas mediante acta de 22 de decembro de 2009 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía ten por fin, entre outros, a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados cos ditos fins sociais. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa da Sardiña”, na carballeira do monte da Guía, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades “Vigo en festas 2014”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.650,00 (sete mil seiscentos cincuenta) euros, a favor da Asociación Comisión de Festas Nosa Señora da Guía.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Sardiña 2014 na Carballeira da Guía o vindeiro 2 de agosto.

VI.- Que a entidade Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 5538/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización da Festa da Sardiña 2014 que terá lugar na carballeira da Guía o día 2 de agosto de 2014, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona da carballeira da Guía que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2014".

4º.- Achegar unha banda popular de música con cargo ó convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas populares de música de Vigo.

5º.- Conceder directamente á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 7.650,00 (sete mil seiscentos cincuenta) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa da Sardiña 2014.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número I.B.A.N. ES13 0075 8918 4206 0031 4739, da entidade bancaria BANCO PASTOR, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total de 10.985 €
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total

ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

Décimo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionábeis os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2014 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixesimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura, Festas e Museos. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Cultura, Festas e Museos. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

9(649).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN, BASES DE PARTICIPACIÓN E CONVOCATORIA DO “XX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL”. EXPTE. 5544/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.06.14, o informe de fiscalización do 24.06.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 16.06.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos e polo concelleiro-delegado delegado da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO .- Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc para a organización do XX Festival folclórico internacional.

SEGUNDO. - Aprobar a bases de participación ao XX Festival Folclórico Internacional e a súa Convocatoria correspondente ao presente ano 2014.

TERCEIRO.- Autorizar un gasto por importe de 63.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0007 (Convenio Festival Folclórico Internacional – Asociación Interfolc) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2014.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO XX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL

Na Casa do Concello a de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, D. CAYETANO RODRIGUEZ ESCUDERO, CONCELEIRO DELEGADO DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS na representación legal do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2013, e resolución do Alcalde de data 19 de febreiro de 2014.

Doutra, don EMILIO SOTELINO DOMARCO, como PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, CIF nº G-36.892.271 e enderezo social en Vigo, na rúa Tomás A. Alonso 29 - 5º esq, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 5544/335. En adiante INTERFOLC.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que INTERFOLC ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o

nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

II.- Que o CONCELLO vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

III.- Así as cousas, O CONCELLO no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0007, prevé a concesión dunha subvención nominativa por importe de 63.000,00 euros, a favor da Asociación cultural Interfolc para o desenvolvemento do programa "Festival folclórico internacional".

IV.- Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

V.- Que INTERFOLC non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 5544/335.

VI.- Que os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución da XX edición do FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL, que se desenvolverá entre os días 5 e 10 de agosto, ambos inclusive, por cinco barrios da cidade e un acto central.

VII.- Que o CONCELLO e INTERFOLC veñen asinando dende o ano 1995, e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver este festival folclórico, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

VIII.- Que as Bases de participación e Convocatoria para as actuacións descentralizadas do Festival nos barrios e parroquias da cidade figuran como anexo I ao presente convenio, para seren aprobadas xunto a el.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de INTERFOLC, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- INTERFOLC comprométese a colaborar co CONCELLO en canto ao desenvolvemento da programación do XX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL e, en particular a:

1. Organizar e xestionar o programa do XX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL que se achega ao expediente, previa selección dos grupos folclóricos participantes e aceptación da proposta polo persoal técnico do Servizo da Concellería de Cultura, Festas e Museos, e conforme ao seguinte:

- 5 actuacións descentralizadas en barrios e parroquias: coa participación de 2 agrupacións folclóricas internacionais e 1 nacional;

- 8 actuacións de animación nas rúas e prazas da cidade coa participación das 3 agrupacións anteriores;

- 1 actuación central no Auditorio Mar de Vigo, coa participación das 3 agrupacións anteriores, mais 1 agrupación invitada e a participación das 3 agrupacións folclóricas integrantes de INTERFOLC.

O custo total do programa ascende a 63.000,00 euros que corresponde a diferentes conceptos a contratar pola Asociación.

2. Coordinar a organización xeral dos festivais descentralizados en barrios e parroquias e relación coas entidades beneficiarias.

3. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.

4. Velar para que cada entidade beneficiaria dos festivais desconcentrados en barrios e parroquias cumpran os requisitos recollidos nas bases de participación, que figuran no anexo I deste convenio, e comunicar de inmediato calquera incidencia ao respecto ao persoal técnico da Concellaría de Festas.

5. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes no festival.

6. Contratar os equipos técnicos de megafonía e luces necesarios para o desenvolvemento do festival, nos barrios e parroquias participantes.

7. Contratar o aluguer do auditorio do Pazo de Congressos para o desenvolvemento do acto central, así como o persoal necesario.

8. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que se achega ao expediente.

9. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos necesarios, así como realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.

10. Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

11. Presentarlle ao Servizo de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto noveno.

12. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.

13. Contratar os servizos de Cruz Vermella naqueles casos que sexan necesarios.

14. Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

15. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do festival, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil. Así mesmo comprométese a formalizar un seguro de accidentes para os integrantes dos grupos folclóricos que participen no festival; para o cal entregará ao CONCELLO copia das pólizas antes do inicio do festival.

16. Organizar os actos centrais da recepción oficial aos grupos participantes no festival, que terá lugar na data e lugar establecidos na convocatoria.

17. Adquirir e entregar os agasallos aos grupos participantes.

18. Cumprir as bases de participación no Festival.

19. Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do festival folclórico.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O CONCELLO, pola súa parte, comprométese a:

1. Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.

2. Deseñar e editar o material gráfico correspondente ao festival (500 exemplares de carteis e 3.500 exemplares de trípticos informativos da actividade e 1.400 invitacións ao acto central). Calquera actuación publicitaria complementaria con cargo ao orzamento deste convenio deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico do Servizo de Festas.

3. Xestionar a reserva das instalacións necesarias para o desenvolvemento do acto central así como colaborar, no seu caso e a instancia de INTERFOLC, na reserva doutros espazos.

4. Conceder directamente a INTERFOLC, unha subvención para a edición 2014 por importe de 63.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do Festival Folclórico Internacional. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

INTERFOLC deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES69 2080.5100.16.3000092046 da entidade NCG BANCO, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao CONCELLO deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- INTERFOLC non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- INTERFOLC debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno.- INTERFOLC, antes do remate da primeira quincena de decembro de 2014 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro de cada programa, datos de participación e asistentes individualizados por programa e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total de 63.000 €
 - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentárase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se

incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

Décimo primeiro.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

Décimo segundo.- *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo servizo de Festas do Concello; a tal fin o persoal técnico deste servizo emitira informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo terceiro.- *INTERFOLC deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo cuarto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- *Os espectáculos folclóricos que se desenvolverán en cada barrio serán destinados ao público en xeral, e o acceso ós mesmos será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren.*

Décimo sexto.- *A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará os logotipos do Concello de Vigo e de INTERFOLC, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas da Concellería e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

Décimo sétimo.- *O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico da Concellería de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.*

Décimo oitavo.- *O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

Décimo noveno- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os dítos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello.

Vixésimo segundo- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

ANEXO I

BASES DE SOLICITUDES DE ACTUACIÓNS E CONVOCATORIA DO XX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL

1. A Concellaría de Cultura, Festas e Museos e a Asociación cultural Interfolc, en adiante "Comisión organizadora", están a programar o XX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL, creado co obxecto de fomentar, promover e achegar o folclore popular á cidadanía.

Por este motivo, ofértanse aquelas entidades interesadas, un espectáculo folclórico que terá lugar entre os días 5 e 10 de agosto de 2014.

O número máximo de beneficiarios de actuacións para a presente edición queda limitado a cinco.

2. Poderán inscribirse todas as entidades sen ánimo de lucro e demais persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Entidades non lucrativas de carácter sociocultural e veciñal que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.
- Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.

- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos obxectivos establecidos nas presentes bases.
- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

3. A solicitude de inscrición realizarase en impreso normalizado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo dende o día 27 de xuño ata as 13:30 horas do día 4 de xullo de 2014, ambos inclusive.

Como criterios de selección establécense:

- a) Orde de inscrición no Rexistro xeral do Concello de Vigo;
- b) Orde de preferencia seguindo as seguintes pautas:
 - Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que aínda non teñan recibido ningunha actuación en edicións anteriores do Festival.
 - Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que leven máis tempo sen recibir actuacións.

Aquelas solicitudes realizadas antes ou despois do prazo estipulado na correspondente convocatoria non serán admitidas, calquera que fose a causa.

Así mesmo, de haber dúas ou máis solicitudes de entidades pertencentes a un mesmo barrio, parroquia ou zonas xeográficas consideradas pola organización como próximas, realizaríase un sorteo previo entre elas para decidir os lugares de actuación.

4. En ningún caso, o espectáculo folclórico ofertado pola Comisión organizadora poderá coincidir na mesma data e recinto con outro festival, espectáculo ou actividade organizada pola mesma entidade ou asociación beneficiaria. No caso de existiren na proximidade outras instalacións recreativas e atraccións deberán permanecer co volume dos altavoces apagados.

5. As entidades beneficiarias, xunto co recinto de actuación proposto, deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) Escenario: completamente liso e cunhas dimensións mínimas de 10 m de longo x 10 m. de ancho x 1 m. de alto.
- b) Conexión eléctrica (xerador ou enganche oficial) cunha potencia mínima de 100.000 "watios".
- c) Cadeiras para o público asistente conforme ao aforo do lugar.
- d) Camerinos próximos ao escenario, convenientemente equipados e cunha capacidade mínima para 30 persoas cada un deles. Os camerinos deberán estar en perfecto estado de hixiene e contar con auga potábel, perchas, espellos e cadeiras.
- e) Divulgar e promocionar o evento, así como distribuír o material gráfico que se remita dende a Comisión organizadora para difundir o evento, e incluír os logotipos do Concello de Vigo, Asociación INTERFOLC e entidade beneficiaria naquel material gráfico e audiovisual que esta edite.
- f) Seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos a terceiros con ocasión do festival.
- g) Comunicar á comisión organizadora calquera actividade protocolaria fora de programa.

No caso de que algúns dos elementos citados anteriormente non existan no recinto e vaian ser xestionados pola beneficiaria posteriormente á realización da inscrición (palco, camerinos eventuais, enganche oficial ou xerador...), deberán sinalalo no apartado de "OBSERVACIÓNS"

do impreso de solicitude, con indicación da xestión que vaian realizar a tal efecto. A presentación da solicitude de participación supón supón a aceptación das presentes bases xunto co compromiso da entidade de cumprir coas necesidades e requisitos indicados.

6. Os membros da comisión organizadora do festival visitarán os recintos propostos polas entidades beneficiarias, co obxecto de valorar a súa viabilidade para albergar o espectáculo folclórico e poderán proporlle á Concellaría de Cultura, Festas e Museos a desestimación daqueles que non cumpran as necesidades mínimas recomendábeis. Neste caso, tras a resolución da concelleira, o festival pasaría á seguinte entidade solicitante conforme os criterios da cláusula terceira destas bases.

7. A Comisión organizadora achegaralles a cada unha das entidades ou asociacións beneficiarias os seguintes elementos:

- a) Equipo de luz e son necesarios para o bo desenvolvemento do festival.
- b) Dous grupos folclóricos.
- c) Elementos de difusión e publicidade (carteis e programas de man) sobre o festival, cunha antelación mínima de quince días á data de realización do espectáculo.
- d) Todo o concernente á organización xeral do festival folclórico.
- e) Presentador/a do acto, facendo mención breve ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidades que colaboran na execución do programa.

8. A entidade beneficiaria nomeará unha persoa representante que actuará como única interlocutora válida ante a Comisión organizadora do festival, o que se indicará na propia solicitude de inscrición.

9. A hora de comezo de todos os festivais será ás 21:30 horas, salvo que a comisión organizadora determinase o contrario.

10. Cada asociación ou entidade beneficiaria poderá incluír no espectáculo ata un máximo de dous grupos de folclore ou música tradicional, que disporán dun tempo máximo de actuación de quince minutos cada un deles. Este aspecto deberán comunicarllo por escrito á Comisión Organizadora no prazo de 15 (quince) días antes da actuación, coa indicación da denominación dos grupos. En caso contrario, non se permitirá a actuación de ningún grupo a maiores dos achegados pola organización.

11. A data de realización de cada un dos espectáculos folclóricos ofertados será determinada pola Comisión Organizadora, data que se lles comunicaría aos/ás interesados/as cunha antelación mínima de 48 horas. De todos os modos, na solicitude de inscrición cada entidade sinalará a data ou datas que lles resulten máis convenientes.

12. Ao remate de cada espectáculo folclórico, o/a representante da entidade beneficiaria deberá formalizar a "certificación de execución" da actuación, que lle será facilitada pola Comisión organizadora, con indicación das posibles incidencias e suxestións relativas á súa produción.

13. No caso de que algunha das entidades ou asociacións beneficiarias incumprisen algunha das súas obrigas, sobre todo no referente aos apartados cuarto e quinto, o Concello resolverá polos seus propios medios a realización dese espectáculo, e repercutirán os gastos nesa

entidade ou asociación, que perderá ademais todo dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do festival.

14. O concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir, e para tomar iniciativas e decisións que contribúan ao bo desenvolvemento deste festival folclórico.

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO
XX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL

D/ Dna, _____ NIF _____ En representación da entidade denominada _____
CIF _____ ENDEREZO _____ NUM _____ CP _____ TFNO _____ FAX _____ CORREO E _____ Nome do/a coordinador/a da actividade: _____ TFNO _____ CORREO E _____

SOLICITA A SÚA INSCRICIÓN NO "XX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL", E DECLARA COÑECER E ACEPTAR AS BASES DE PARTICIPACIÓN.

DATOS DO RECINTO DE ACTUACIÓN PROPOSTO:

⇒ LOCALIZACIÓN: _____

⇒ ESCENARIO: Ancho: _____ Fondo: _____ Alto: _____

⇒ INSTALACIÓN ELÉCTRICA: a) Xerador Enganche eléctrico oficial.
b) Potencia máxima: _____ W

⇒ AFORO DO RECINTO: _____

⇒ CAMERINOS: a) Fixos Eventuais.
b) Número: _____
c) Capacidade total: _____

⇒ DATA PREFERENTE: 5, 6, 7, 8 e 9 agosto.

(Sinalar unha ou varias opcións)

⇒ OBSERVACIÓNS: _____

Vigo, de de 2014
O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

EXCMO. SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

De acordo co establecido na Lei de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos que figuran nesta comunicación están incluídos nun ficheiro automatizado propiedade do Concello de Vigo. Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, poderán dirixirse en calquera momento á devandita entidade, na Praza do Rei s/n, 36202 Vigo.

10(650).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XXIII GRAN PREMIO CICLISTA TEIS, O VINDEIRO 6 DE XULLO DE 2014. EXPTE. 12935/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 23.07.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Teis a organizar o vindeiro día 6 de xullo de 2014, o XXIII GRAN PREMIO CICLISTA TEIS. Dita proba comenizará as 10.00h e terá unha duración de tres horas, percorrendo Sanjurjo Badía, Enrique Lorenzo, avda. Guixar e Julián Estévez”.

11(651).- NOTIFICACIÓNS DE CAMBIOS NO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO COMO SOCIO LIDER DO PROXECTO E OS SOCIOS PARTICIPES NO PROXECTO EUROPEO COOPERLAND DENTRO DO PROGRAMA “EUROPE FOR CITIZENS PROGRAMME”, APROBADO EN X.GOVERNO O 9.05.14. EXPTE. 10848/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 24.06.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local de 9 de maio de 2014, a proposta do xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá, acordou:

“Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo como socio líder do Proxecto, e os socios partícipes no proxecto europeo Cooperland dentro do Programa “Europe for Citizens Programme”[...]

Conforme ao estipulado no artigo 4 de devandito convenio, establécense tanto as obrigas e deberes do Xefe de Fila coma dos socios integrantes:

[...] “Notificar ao Xefe de Fila de inmediato de calquera cuestión que puidera conducir a unha interrupción temporal ou definitiva ou calquera outra desviación do proxecto” [...]

En cumprimento desta obriga, varios socios comunican os seguintes cambios:

- Con data 26.05.2014 Emil Jurcan, como titular do partner P5 do proxecto Cooperland, certifica que se produciu o seguinte cambio na entidade participante neste proxecto por parte de Croacia, sendo o novo organismo participante Praksa cooperative en lugar de Drustvo arhitekata Istre-Societá architetti dell'Istria"
- Con data 30.5.2014 a entidade International Child Development Initiatives (Leiden-Holanda) notifica o cambio do seu representante legal: Representado por Mathijs Euwema en sustitución de Rutger Van Oudenhoven

PROPOSTA

A vista do exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar as seguintes notificacións de cambio de datos dos socios de Croacia e Holanda, ambos participes no Proxecto Cooperland:

- Emil Jurcan, como titular do partner P5 do proxecto Cooperland, certifica que se produciu o seguinte cambio na entidade participante neste proxecto por parte de Croacia, sendo o novo organismo participante Praksa cooperative en lugar de Drustvo arhitekata Istre-Societá architetti dell'Istria"
- A entidade International Child Development Initiatives (Leiden-Holanda) notifica o cambio do seu representante legal: Representado por Mathijs Euwema en sustitución de Rutger Van Oudenhoven.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(652).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOBERNO DO 13.06.14 SOBRE CONTRATACIÓN DE PERSOAL NO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL "VIGO EMPREGA" 2014, MEDIANTE A INTRODUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DE SUPLENTE. EXPTE. 10991/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 19.06.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

Con motivo da tramitación do expediente de contratación de persoal para o programa de inserción laboral "VIGO EMPREGA", a Xunta de Goberno Local do 13 de xuño de 2014 a proposta do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no expte: 10972/77, aprobou a contratación de persoal no programa de inserción laboral "Vigo Emprega" 2014, constando documento complementario de listado de persoas suplentes, para as diferentes categorías profesionais.

Ante a posibilidade de renuncias ou baixas por diferentes motivos, ao posto de traballo, segundo categoría profesional, e axilizar o trámite de cobertura do listado de suplentes adxunto no expediente de contratación faise necesario incluír un apartado sexto, establecendo o procedemento de contratación dos suplentes.

Polo anteriormente exposto e en base as competencias que en materia de contratación ostenta a Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte acordo:

Inclusión na proposta, dun novo apartado: “Sexto: para o caso de renuncias ou baixas, aos postos de traballo, segundo categoría profesional, deberá procederse a contratación do suplente correspondente, tal como figura no documento complementario de listado de persoas suplentes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(653).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA CONFORME Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS DO 2014. EXPTE. 10982/77.

Visto o informe de fiscalización do 23.06.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 19.06.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as memorias seguintes que se achegan no anexo II do expediente para presentar á convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais do 2014, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.

- | | |
|------------------------------------|---|
| a) Electromecánicos: | “Mellora da rede de iluminación pública nas parroquias” |
| b) Limpieza: | “Plan de Atención permanente no rural” |
| c) Montes, Parques e Xardíns. | “Acondicionamento dos parques municipais” |
| d) Vias e Obras: | “Mantemento das zonas rurais” |
| e) Desenvolvemento Local e Emprego | “Servizos de apoio no parque mobil” |

SEGUNDO.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 411.078,94 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

TERCEIRO.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.

CUARTO.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

ANEXO I: Resumo de proxectos solicitados polos servizos:

ELECTROMECHANICOS

Mellora rede iluminación pública

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Grupo ou Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	TOTAL 3 MESES
1	Of. Albanel	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	1.171,67	3.515,00 €
1	Of. Electricista	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	1.171,67	3.515,00 €
1	Of. Ferreiro-Soldador	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	1.171,67	3.515,00 €
2	Of. conducción	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	2.343,33	7.030,00 €
1	Peóns construción	694,10	115,68	809,78	809,78	8411/10-d	37,80	306,10	1.115,88	1.115,88	3.347,64 €
6	CUSTES SALARIAS MEMORIA										20.922,66 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

Non se necesitaría partida orzamentaria específica, xa que existe material (conductores eléctricos, luminarias, postes...) para a realización dos traballos acopiado no Parque Central de Servizo para este programa

MONTES PARQUES E XARDÍNS

Acondicionamento parques municipais

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Grupo ou Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	TOTAL 3 MESES
1	Diplomado	857,25	142,88	1.000,13	1.000,13	8411/2-a	32,10	321,04	1.321,17	1.321,17	3.963,50 €
1	Of. Fontaneiro	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	1.171,67	3.515,00 €
6	Of. Albanel	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	7.030,00	21.090,01 €
1	Of. Carpinteiro	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	1.171,67	3.515,00 €
7	Of. xardinaxe	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-g	34,70	295,04	1.145,31	8.017,16	24.051,49 €
2	Of. conducción	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	2.343,33	7.030,00 €
15	Peóns construción	694,10	115,68	809,78	809,78	8411/10-d	37,80	306,10	1.115,88	16.738,22	50.214,66 €
33	CUSTES SALARIAS MEMORIA										113.379,68 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

Para a adquisición dos materiais necesarios para a realización das obras existe a partida orzamentaria deste Servizo:

- 1710.210.00.00 (Mantemento parques, xardíns, alamedas) 14.000,00 €
- 1710.221.04.00 (Vestuario persoal). Os custes serán con cargo ao crédito retido no expediente 7497/446

LIMPIEZA

Plan de atención permanente no rural

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Grupo ou Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	TOTAL 3 MESES
1	Of. admtivo	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-a	32,10	272,94	1.123,20	1.123,20	3.369,61 €
5	Of. xardinaxe	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-g	34,70	295,04	1.145,31	5.726,55	17.179,64 €
2	Of. conducción	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	2.343,33	7.030,00 €
10	Peóns xardinaxe	694,10	115,68	809,78	809,78	8411/10-g	34,70	280,99	1.090,78	10.907,78	32.723,34 €
18	CUSTES SALARIAS MEMORIA										60.302,59 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

- O servizo dispón de maquinaria e ferramentas para desenvolver o traballo de porxec-to.
- 1620..2210400 Vestuario e EPI's: Os custes serán asumidos por Vías e Obras, dentro da área de fomento, con cargo ao vestuario existente no almacén de Vías e obras.

VIAS E OBRAS

Mantenimento das zonas rurais

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Grupo ou Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	TOTAL 3 MESES
Pavimentación											
1	Capataz	745,24	124,21	869,45	869,45	8411/3-d	37,80	328,65	1.198,10	1.198,10	3.594,29 €
4	Of. Pavimentador	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	4.686,67	14.060,01 €
1	Of. Mecánico	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	1.171,67	3.515,00 €
3	Of. Condución	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	3.515,00	10.545,01 €
4	Peón construción	694,10	115,68	809,78	809,78	8411/10-d	37,80	306,10	1.115,88	4.463,53	13.390,58 €
Beirruas e cunetas											
1	Capataz	745,24	124,21	869,45	869,45	8411/3-d	37,80	328,65	1.198,10	1.198,10	3.594,29 €
9	Of. Albanel	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	10.545,01	31.635,02 €
3	Of. Condución	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	3.515,00	10.545,01 €
12	Peón construción	694,10	115,68	809,78	809,78	8411/10-d	37,80	306,10	1.115,88	13.390,58	40.171,73 €
Mellora vía pública											
2	Of. Carpinteiro	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	2.343,33	7.030,00 €
3	Of. ferreiro	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	3.515,00	10.545,01 €
3	Of. canteiro	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	3.515,00	10.545,01 €
2	Of. Condución	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	2.343,33	7.030,00 €
7	Peón construción	694,10	115,68	809,78	809,78	8411/10-d	37,80	306,10	1.115,88	7.811,17	23.433,51 €
55											189.634,48 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

Os presupostos previstos para materias a empregar neste proxecto son os que se indican

- 1550.210.00.00 Conservación de vías e espazos públicos:
 - Asumiranse con cargo a créditos retidos sen executar na partida 1550.210.00.00, por un importe aproximado de 500.000,00 €, os cales serán de aplicación as necesidades reais da execución deste programa.
- O vestiario necesario para o persoal destinado a estes programas, serán cubertas cos recursos propios cos que conta o Taller de Vías e Obras no seu almacén.

DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

Servizos de apoio no parque mobil

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	CUSTO TOTAL 6 MESES e 50% Xornada
8	Peóns	694,10	115,68	809,79	809,79	84/d	38,10	308,53	1.118,31	8.946,51	26.839,54 €
8											26.839,54 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

Non se necesitaría partida orzamentaria específica, xa que non precisan de materiais, para o desenvolvemento das súas actividades.

Os presupostos previstos para materias a empregar neste proxecto son os que se indican

- 2410.221.04.00 Vestiario programas de emprego.
- Vestiario 1.172,20 €

14(654).- PROXECTO DE OBRAS DE ACCESIBILIDADE A COLEXIOS PÚBLICOS. PROPOSTA DE APROBACIÓN. EXPTE. 16199/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.06.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 20.06.14, conformado polo concelleiro de Educación, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Con data 28 de abril de 2014, o Pleno Municipal aprobou a corrección de erros materiais e aritméticos, na modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao exercicio do 2.012. expediente nº: 2288/440, e entre outros aspectos as inversións previstas no ámbito da citada modificación de créditos, atópanse suxeitas o

rigoridade do principio de que tales investimentos deben cumprir co principio de "investimentos que sexan financeiramente sustentables ao longo da súa vida útil.

Dacordo co estipulado na Orde EHA/3565/2008, as actuacións contempladas neste proxecto responden os criterios definidos para "inversións reais", xa que as mesmas correspóndense con gastos destinados maioritariamente a actuacións de rehabilitación e mellora nas vías públicas de titularidade municipal. As actuacións de inversións previstas no proxecto abarcan a renovación da rede de saneamento, abastecemento e distribución de augas, e a implantación dun sistema de saneamento separativo de augas residuais, o cal aumenta a eficiencia dos diferentes tratamentos que existen o longo da rede municipal, o que aforra enerxía nos diversos bombeos e elementos de depuración e mellora a calidade das augas nos diversos aliviadoiros que presenta a rede, o que implica unha protección e mellora do medio ambiente.

Neste sentido de protección e mellora do medio ambiente, tamén se realizará unha renovación dos elementos de alumado público para mellorar a eficiencia lumínica coa que se reducirá a contaminación lumínica ademais do aforro enerxético que supón.

Para a realización das renovacións mencionadas e de modo complementario, demolerase a pavimentación, o cal será aproveitado, na reconstrución para adecuar a mesma para mellorar a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida. Do mesmo modo, se aproveita a actuación para coa modificación da sección transversal da rúa aumentando o ancho das beirarrúas, favorecer e fomentar a mobilidade sostible, a través da potenciación do tránsito peonil e o uso de medios de transporte colectivo, o que implica tamén unha protección e mellora do medio ambiente.

Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas das infraestructuras, o tempo que se conseguira unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de "investimentos reais".

En relación a obriga que se establece no apartado 2º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, debe ter unha vida util non inferior a cinco anos, esta condición cumprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións realizadas a través de la utilización de elementos construtivos con unha vida útil en todos os casos maior do limite establecido, entendendo por vida útil a previsión do tempo durante o cal é susceptible de ser utilizado o vial sobre o que se actuará, nas condicións de calidade requiridas.

En relación a obriga que se establece no apartado 6º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, cumpra cos obxectivos de que a mesma non sexa xeradora de gastos futuros no horizonte da súa vida útil, esta condición cumprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións que xustificarán un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, xa que neste caso, son investimentos de reposición que van a deferir no tempo, a necesidade de recursos para o seu funcionamento operativo ou de mantemento ordinario, por supor este investimento unha posta ao día do ámbito de actuación, en consecuencia, a actuación definida neste expediente está conformados como un instrumento xerador de aforro, e en ningún caso, xerará gastos por enriba dos actuais, xa que durante a vida útil dos mesmos (maior de cinco anos) se producirá un equilibrio e redución real dos gastos de mantemento, xa que as actuacións que actualmente se realizan sobre os mesmos, se verán diferidas no tempo.

PROXECTO:

En relación os antecedentes mencionados, o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da

liquidación dos estados consolidados correspondentes ao exercicio do 2.012. expediente nº: 2288/440, contempla a actuación incluída neste expediente de acordo cos seguintes datos:

Aplicación	Proxecto	concepto	Importe
3210.63200 01	1432100 1	ACCESIBILIDADE A COLEXIOS PÚBLICOS	300.000, 00

A empresa GALAICONTROL S.L., presenta o proxecto de "OBRAS DE ACCESIBILIDADE A COLEXIOS PÚBLICOS", redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS MIL EUROS (300.000,00 €).

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

As obras incluídas no presente proxecto, constitúen una serie de melloras na accesibilidade aos centros educativos. O ámbito de actuación engloba os seguintes colexios:

Illas cíes	Santa Tegra (Teis)	Chans (Bembrive)
A doblada	Frian	Santa Marina
Parroco Don Camilo	Sobreira	Ría de Vigo
Carrasqueira	Igrexa Valladares	Mestres Goldar
Pardo Bazán	García Barbón	Eduardo Pondal
Otero Pedrayo	Balaídos	Sello
Lópe de Vega	Coutada (Beade)	Sardoma Moledo

O obxecto principal deste Proxecto é a eliminación de barreiras arquitectónicas existentes. As accións que se levarán a cabo son basicamente as seguintes, repartidas polos diferentes colexios arriba mencionados:

- 1) Demolición de escaleiras ou escalos, e substitución por ramplas.
- 2) Colocación de varandas e pasamáns nas novas ramplas executadas.
- 3) Demolición de instalacións actuais de aseos, para a execución de novos aseos adaptados a minusválidos.
- 4) Nos casos necesarios, soterrado e nova canalización das cunetas existentes, para poder encaixar as ramplas de nova execución, e ubicación de novas reixas de drenaxe alí onde se poida acumular auga pluvial.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS MESES E MEDIO.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas de data 10 de xuño, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

"Aprobar o proxecto redactado pola empresa GALAICONTROL,S.L. para as obras de accesibilidade a colexios públicos por un importe de 300.000,00 (IVE engadido) nun prazo de execución de DOUS MESES E MEDIO"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(655).- CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO, POR IMPORTE DE 6.800.000 EUROS, PARA O FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS PREVISTO NOS ORZAMENTOS DO ANO 2014. EXPTE. 28/142.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.06.14, e de conformidade coa proposta do concelleiro delegado da Área de Economía e Facenda, do 23.06.14, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as condicións e características ás que quedará suxeita a operación de préstamo con apertura de crédito a concertar por un importe máximo de 6.800.000,00 euros, que figuran no Estado de Ingresos do Orzamento no concepto 913.00 para financiar parte do plan de investimentos que figuran no Orzamento Xeral aprobado polo Pleno de Corporación en sesión do 13 de xuño de 2014, publicado no BOP nº 118 de 20 de xuño.

SEGUNDO.- Aprobar o modelo de contrato a formalizar pola entidade financeira que resulte adxudicataria da operación e que conformará o modelo de oferta para os licitadores.

TERCEIRO.- Someter o procedemento a publicidade, inserindo un anuncio no xornal de maior tirada da cidade e cos prazos de presentación de ofertas que figuran nas características da operación.

CUARTO.- Nomear a Mesa de Contratación presidida polo Concelleiro Delegado da Área de Economía e Facenda, e da que formarán parte, como Secretario da mesma, a titular do Órgano de apoio a Xunta de Goberno Local, como vocais, o Sr. Interventor Xeral Municipal e o Sr. Tesoreiro.

CARACTERÍSTICAS DA OPERACIÓN PRESTAMO A CONCERTAR

- *Importe:* 6.800.000,00 euros
- *Natureza:* Préstamo con apertura de conta de crédito.
- *Tipo de interese:* Variable, referenciado a EURIBOR.
- *Marxe:* O ofertado polos licitadores
- *Prazo de amortización:* 10 anos.
- *Plan de amortización:* Anual, a 31 de decembro de cada ano, sendo a primeira amortización o 31.12.2015 e a última o 31.12.2024. Se o día establecido para a amortización fose inhábil, cargarase a amortización o primeiro día hábil anterior.
- *Liquidación de intereses:* Trimestral (Trimestres naturais), a excepción do último trimestre de cada ano, que se liquidará e pagará o último día do trimestre ou hábil anterior, e o primeiro, que se liquidará desde a/as disposicións do período até o fin do trimestre natural.
- *Carencia:* Dende a sinatura do contrato até o 30.12.2015.
- *Consolidación da contía:* 31.12.2014.

- Período de disposición: O de carencia.
- Amortización anticipada: Sen custo.
- Apertura da póliza: Sen custo.

A oferta das entidades financeiras consistirá no modelo de contrato que deberán retirar do servizo de Contabilidade ou da Intervención Xeral en horas de oficina, debidamente cuberto nos espazos sinalados nas cláusulas: PRIMEIRA, SEGUNDA, CUARTA, QUINTA, SEXTA, OITAVA, DECIMA, UNDECIMA, DUODECIMA DÉCIMOTERCEIRA, DÉCIMOCUARTA, DÉCIMOQUINTA E DÉCIMOSEXTA.

Non se admitirá outro modelo de oferta que o citado e aprobado, que deberá ser asinado por persoa e cargo autorizada.

Deberase achegar coa oferta (contrato), o poder bastante da persoa que a asina e certificación de estar ao corrente en todos os ingresos fronte á Facenda Municipal.

A operación será adxudicada á entidade cuxa oferta resulte máis vantaxosa para os intereses municipais, tendo en conta o marxe ofertado.

O criterio de adxudicación a ter en conta será:

O mellor marxe ofertado á operación, sendo polo tanto, o criterio único a avaliar, que fará a Mesa de Contratación.

As ofertas entregaranse pechadas no Rexistro Xeral no prazo que media entre o 30 de xuño e 11 de xullo, amolos dous inclusive, dende ás 9,00 h. ás 14,00 h. que se corresponde co previsto no anuncio que se insertará o día 30 de xuño.

Os custos do anuncio serán por conta do adxudicatario, establecéndose un límite de 1.000 euros, deberán ser ingresados con anterioridade á sinatura do contrato, debendo acreditarse tal circunstancia.

A apertura das ofertas farase ás dez horas do día 16 de xullo. Para tal acto constituirase unha Mesa que abrirá os sobres das ofertas, e evaluará as mesmas, tendo en conta o criterio de adxudicación. A Mesa estará presidida polo Sr. Concelleiro Delegado da Área de Economía e Facenda, e formarán parte da mesma, como Secretario da mesma a titular do Órgano de apoio a Xunta de Goberno Local, o Sr. Interventor Xeral Municipal, o Sr. Tesoreiro e algún outro membro desinado polo Sr. Presidente da Mesa se fose o caso.

O contrato formalizarase nun prazo non superior aos quince días hábiles posteriores á notificación da adxudicación da operación.

Poderase retirar do servizo de Contabilidade o informe que o Interventor emitiu a operación na que se fan constar débeda viva, coeficiente de endebedamento, aforro neto, dereitos liquidados por operacións correntes derivados da liquidación do orzamento do 2013, Estabilidade Orzamentaria, Regra de gasto, Remanente de Tesourería, Aprobación do orzamento do 2014, Liquidación do Orzamento do ano 2013 e destino dos recursos ao plan de investimentos do ano 2014.

Informe sobre o cumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria de acordo o previsto non artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e no artigo 16.3 do Real Decreto 1463/2007, de 12 de decembro, de desenvolvemento da Lei 18/2001, do que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión do 2 de maio e remitiuse a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

MODELO DE CONTRATO DE PRÉSTAMO CON APERTURA DE CREDITO A FAVOR DO EX-CMO. CONCELLO DE VIGO POR IMPORTE DE 6.800.000,00 DE EUROS.

DESTINO: FINANCIAMENTO DO PLAN DE INVESTIMENOS DO ANO 2014

Na Cidade de Vigo a, ()

Ante min, D^a María Concepción Campos Acuña, órgano de apoio á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, en exercicio da súa función de Fedatario Público, en virtude do establecido no art. 162.1 b) do R.D.L. 781/86, de 18 de abril e na Disposición Adicional Octava, apartado d) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local.

COMPARECEN

Entidade Financeira (), con domicilio para os efectos deste contrato en () representada por D. () NIF (), apoderado da Entidade segundo poder ao seu favor outorgado ante o Notario D.() de data (), co número () do seu protocolo, inscrito no Rexistro Mercantil no tomo (), folio (), folla () inscrición ().

O Excmo. Concello de Vigo, representado neste acto polo seu Alcalde Presidente Ilxmo. D. Abel Caballero Álvarez, e con domicilio para os efectos deste contrato en Praza do Rei, s/n, Vigo.

Recoñecéndose segundo concorren, capacidade legal suficiente para outorgar este contrato de apertura de crédito, formalízano con suxeición ás seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: APERTURA DE CREDITO: PRAZO LIMITE

Dende o día da data e ata o 30.12.2014, a Entidade Financeira () abre un crédito a favor do Excmo. Concello de Vigo, por importe de seis millóns oitocentos mil euros (6.800.000,00 euros), con destino a financiar o plan de investimentos contido no Orzamento Xeral aprobado para o ano 2014.

No entanto o anterior, por mor dos axustes, baixas e outras causas que sobreviñesen en execución do plan de investimentos, o límite inicial fixado, poderá, o Excmo. Concello de Vigo, reduci-lo dentro do primeiro trimestre do 2015, debendo comunicalo fehacientemente á Entidade Financeira o novo importe máximo, sendo o límite do mesmo, a suma dos compromisos acadados nos proxectos que financia o préstamo ata o 31 de decembro do ano 2014.

SEGUNDA: CONTA- DISPOSICIÓNS CRÉDITO

As disposicións do crédito concedido reflectiranse nunha conta aberta pola Entidade Financeira () a nome do Excmo. Concello de Vigo, denominada "Conta de Disposicións do Crédito", Código () na que se irán debendo as cantidades que a Entidade Financeira () desembolse para os fins e até o límite sinalado na estipulación PRIMEIRA.

Os xuros que se devenguen polas disposicións efectuadas ata a consolidación da operación, serán cargados aos respectivos vencementos, na conta prevista na estipulación UNDECIMA.

TERCEIRA: FORMA DE FACER DISPOSICIÓNS DO CRÉDITO.

As disposicións de fondos con cargo á Conta de Disposicións do Crédito efectuaranse por medio de cheque ou orde de traspaso subscrito polo Sr. Alcalde-Presidente coa toma de razón dos señores Interventor e Tesoureiro.

As disposicións deberán ser anunciadas con dous días hábiles de anticipación, como mínimo, e o seu importe non poderá ser inferior a 180.000 euros. As solicitudes de disposición serán irrevogables.

CUARTA: XUROS CONTA DISPOSICIÓNS CRÉDITO

1. O saldo debedor da Conta de Disposicións do Crédito devengará, durante o prazo previsto na estipulación PRIMEIRA, xuros día por día.

Os xuros liquidaranse agrupados por períodos, coincidentes cos previstos no apartado a) do número 1 da estipulación SEXTA, e serán comúns para todas as disposicións do crédito, calquera que sexa a súa data. A este fin, o primeiro período de liquidación de xuros de cada disposición pecharase coincidindo co peche do período de interese das disposicións en curso e liquidarase ao mesmo tipo de xuro calquera que sexa o número de días que comprenda.

O primeiro período de liquidación de xuros da primeira disposición pecharase o último día do trimestre natural corrente, liquidándose ao tipo de xuro que corresponda para un período de interese de duración trimestral. Os sucesivos períodos computaranse dende aquela data de peche e segundo o réxime previsto na estipulación SEXTA. O tipo de xuro nominal anual para o primeiro período será do ().

O último período de liquidación de xuros pecharase o último día do trimestre natural correspondente á finalización do período de disposicións, producíndose o cargo da citada liquidación dentro do ano natural, computándose a liquidación do último trimestre até o 30 de decembro ou o anterior se aquel fose inhábil. O seu cargo farase dentro do ano natural.

O pagamento de xuros efectuarase, sen requirimento previo, o primeiro día do período seguinte ao que corresponda, a excepción do último trimestre de cada ano que o pagamento se efectuará o último día do trimestre natural ou último hábil

2. O cálculo de xuros efectuarase multiplicando cada un dos sucesivos saldos debedores diarios do período de liquidación polo tipo de interese nominal diario, sumando os produtos e dividindo o resultado por cen.

O tipo porcentual nominal diario determinarase dividindo o tipo de interese nominal anual por trescentos sesenta.

O tipo de xuro nominal anual determinarase con suxeición ás regras previstas na estipulación SEXTA.

Se durante este período non puidese determinarse o tipo de xuro conforme ás regras previstas na estipulación SEXTA, rexerá durante este o último tipo aplicado.

QUINTA: CONSOLIDACIÓN DA DÉBEDA

Vencido o período de dispoñibilidade previsto na estipulación PRIMEIRA, virá o Excmo. Concello de Vigo, obrigado a devolver á Entidade Financeira () o seu importe mediante dez cotas anuais consecutivas iguais, sendo a primeira o 31 de decembro de 2015 e a última o 31 de decembro do ano 2024, se en calquera dos casos, esa data fose inhábil, a cota de amortización devengará e cargaría o último día hábil do ano natural. As diferenzas por redondeo compensarase na última entrega.

Se a 30 de decembro de 2015, o Excmo. Concello de Vigo non dispuxese da totalidade do límite do crédito comunicado a Entidade Financeira dentro do primeiro trimestre do ano 2015, as cantidades en depósito serán traspasadas a unha conta específica, a apertura da cal autoriza o Excmo. Concello de Vigo, que será retribuída de acordo aos pactos e condicións que nese momento se fixen entre as partes.

As disposicións con cargo á conta específica á que se fai referencia no parágrafo anterior, efectuaranse cos mesmos requisitos formais que as demais disposicións do crédito (coa sinatura dos tres craveiros), se ben os importes poden ser distintos que os previstos na disposición TERCEIRA.

SEXTA: XUROS DO PRÉSTAMO

O capital pendente de reembolso devengará, diariamente, o xuro nominal anual variable, á alza ou á baixa, que se determina nas regras seguintes:

- a) Para determinar o tipo de xuro nominal aplicable, o prazo total do empréstito ou crédito dividirase en períodos de interese sucesivos, de duración trimestral.
- b) O tipo de xuro nominal anual vixente en cada período determinarase sumando a "marxe" ou diferencial ofertado pola entidade financeira ao "tipo de referencia" que corresponda ao período.

A Entidade Financeira () oferta un marxe de () puntos porcentuais

Será "tipo de referencia" por cada período anual o "tipo EURIBOR", entendéndose Por "TIPO euribor" (euro InterBank Offered Rate: Tipo Interbancario ofrecido en euros) aos efectos deste contrato, o tipo de contado publicado pola Federación Bancaria Europea, cara ás 11 horas da mañá (hora de Bruxelas), a través de "Bridge Tele-rate" ou do provedor do servizo de pantalla que lle poida substituír, para as operacións de depósito en euros a prazo de tres meses, calculado a partir do ofertado por unha mostra de bancos para operacións entre entidades de similar cualificación e referido ao segundo día hábil anterior ao de inicio de cada período de interese. Este tipo de referencia é así mesmo publicado diariamente no Boletín da Central de Anotacións do Banco de España.

- c) A Entidade Financeira () comunicará ao Excmo. Concello de Vigo, o día hábil anterior ao do inicio de cada período, antes das 11 horas, o tipo de xuro nominal aplicable correspondente ao período, debendo aquel, de non o convir, comunicar fehacientemente á Entidade Financeira () a resolución do contrato antes das trece horas da mañá do mesmo día, entendéndose noutro caso que acepta o tipo proposto. No suposto de non aceptación, o Excmo. Concello de Vigo, disporá do prazo dun mes para reintegrar o capital pendente de reembolso, liquidándose os intereses deste prazo ao último tipo aplicado. Esta comunicación é obrigatoria, non procedendo o cargo por liquidación de xuros si non se produxese esta comunicación. Así mesmo, e cunha antelación de dous días ao día de cargo das liquidación se remitirá por Fax, a liquidación do cargo que se vai a facer, facendo constar o capital sobre o que xiran os xuros, o tipo de xuro aplicado os días correspondentes a liquidación e demais datos comprensivos para comprobar a liquidación final. Tanto a comunicación dos tipos aplicables ao período como a liquidación, faranse ao Servizo de Contabilidade nos prazos establecidos nesta estipulación
- d) Se non resultase posible a determinación do tipo de xuro con suxeición ás regras anteriores, calquera das partes poderá, en calquera momento do prazo de reembolso, optar pola resolución do contrato, rexendo no intervalo o último tipo aplicado. O Excmo. Concello de Vigo disporá, en este suposto de resolución, do prazo dun mes para reembolsar o principal, ou do prazo de tres meses, se a resolución procedese por determinación da Entidade Financeira ().

Os xuros aboaranse polo Excmo. Concello de Vigo, sen requirimento previo, sempre que se houbesen cumprido os requirimentos e comunicacións previstos nos apartados precedentes, o primeiro día do período de interese seguinte ao que corresponda, coa excepción do último trimestre de cada ano, que o pagamento efectuarase o último día do trimestre natural tendo en conta o previsto na estipulación CUARTA. Os xuros liquidaranse polos días efectivamente transcorridos.

O cálculo dos xuros correspondentes a cada período de liquidación, efectuarase multiplicando o capital non amortizado polo tipo porcentual nominal de xuro correspondente ao período e dividindo o produto por cen.

O tipo porcentual nominal de xuro correspondente ao período determinarase dividindo o tipo de xuro nominal anual aplicable por 360 e multiplicando o resultado polo número de días do período de liquidación, debendo remitirse a citada liquidación trimestralmente ao Excmo. Concello de Vigo coa antelación prevista no apartado c) da ESTIPULACIÓN SEXTA.

SÉTIMA: DEVOLUCION DO PRÉSTAMO.

O Excmo. Concello de Vigo obrígase a devolver o capital mediante dez cotas anuais consecutivas.

As citadas cotas deberán ser satisfeitas os días 31 de decembro de cada ano. A primeira cota de amortización de capital deberá facerse efectiva o 31 de decembro do ano 2015 e a última o 31 de decembro do ano 2024, sempre tendo en conta o previsto na estipulación QUINTA en canto os días hábiles.

O Excmo. Concello poderá anticipar en calquera tempo a amortización total ou parcial do capital se se hallare ao corrente no cumprimento das súas demais obrigas. A amortización deberá ser anunciada coa antelación mínima dun mes e a súa data deberá coincidir coa finalización dun período de xuros e non devengará custo ningún para o Concello.

OITAVA: VENCEMENTO ANTICIPADO

O contrato poderá ser resultado pola Entidade Financeira () antes do seu vencemento cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Falta de pagamento polo Excmo. Concello de Vigo, ao seu respectivo vencemento, de calquera cantidade debida en virtude do contrato, por principal, intereses, comisións, gastos ou calquera outro concepto.
- b) Inexactitude, total ou parcial, das declaracións formuladas polo Excmo. Concello de Vigo na estipulación DÉCIMA.
- c) Incumprimento polo Excmo. Concello de Vigo de calquera outra obriga ou compromiso asumido no contrato, se non fose remediado, sen prexuízo algún para a Entidade Financeira (), nun prazo de quince días hábiles a contar dende a data en que o Excmo. Concello Vigo fose informado do incumprimento pola Entidade Financeira ().
- d) Concurso de calquera outra causa que, conforme a Dereito, determine a resolución ou vencemento anticipado.
- e) Por cancelación anticipada de acordo ao previsto na ESTIPULACIÓN SÉTIMA.

Resolto o contrato, o Excmo. Concello de Vigo virá obrigado ao reintegro do principal pendente de pagamento, cos seus xuros, comisións, gastos e calquera outro concepto lexítimo dentro do mes seguinte, contado a partir da data de notificación da resolución.

NOVENA: DOTACIÓNS ORZAMENTARIAS

O Excmo. Concello de Vigo, coa finalidade de garantir os pagamentos, consignará nos sucesivos orzamentos, ínterin rexa o contrato, as contías necesarias para facer efectivas as obrigas que deste se derivan.

DÉCIMA: GARANTÍAS

En garantía do pagamento do principal, intereses, comisións, gastos e costas, o Excmo. Concello de Vigo afecta e grava, directa e especialmente, na contía necesaria os ingresos que se produzan pola taxa de recollida de lixo, ao efecto da cal se considera á Entidade Financeira () acreedor do Excmo. Concello de Vigo.

En caso de supresión ou insuficiencia comprobada do recurso afectado, quedará ampliada, e no seu caso substituída a taxa afectada, por aqueles outros que, con aprobación da Entidade Financeira (), determine o Excmo. Concello, en contía suficiente para que quede asegurado o ingreso das cantidades debidas.

A representación do Excmo. Concello de Vigo declara, aos fins deste contrato, que a Taxa de recollida de lixos atópase libre en contía suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas deste contrato, por ser a súa recadación superior a carga financeira total anual que ten o Concello.

UNDÉCIMA: CONTA DE CARGO DO PRÉSTAMO

Dende o día en que se formalice o contrato, o Excmo. Concello de Vigo manterá aberta na Entidade Financeira () a conta () para que, nos respectivos vencementos, poida esta cargar os correspondentes recibos por xuros e por amortizacións, para o cal queda irrevogablemente facultada, debéndose os recibos con valor do día do vencemento.

O Excmo. Concello de Vigo terá dispoñibles en tempo os recursos suficientes para o pagamento daqueles recibos. A tal fin, o Excmo. Concello de Vigo comunicará aos servizos competentes o contido íntegro deste contrato aos efectos do seu debido cumprimento e terá as cantidades que resulten precisas, até cubrir a suma que por xuros estimados e amortizacións deba ser satisfeita cada ano á Entidade Financeira (), ingresándoa na conta salientada no apartado primeiro na contía e data oportuna para que poidan ser cargados os recibos nos seus respectivos vencementos.

DÉCIMOSEGUNDA: ALTERACIÓNS NA GARANTÍA OFRECIDA

O Excmo. Concello de Vigo notificará á Entidade Financeira () todos os acordos que afecten en calquera modo ás estipulacións deste contrato, e especialmente, aos recursos dados en garantía, co fin de que poida recorrer contra os que estime que lle poidan prexudicar.

DÉCIMOTERCEIRA: XUROS DE MORA

Todas as obrigas pecuniarias vencidas e non pagadas, devengarán, sen necesidade de intimación nin prexuízo das accións resolutorias que á Entidade Financeira () lle corresponden, o xuro contractual vixente en cada momento, incrementado en dous puntos porcentuais, ao efecto da cal poderá a Entidade Financeira () capitalizar dende o seu vencemento os xuros líquidos non satisfeitos, calquera que sexa a súa índole.

A liquidación e pagamento dos xuros de mora axustaranse ás regras previstas para os ordinarios.

DÉCIMOCUARTA: DECLARACION DA PRESTAMISTA

O Excmo. Concello de Vigo formula as seguintes declaracións:

- a) Que ten plena capacidade para outorgar e cumprir o contrato e adoptou todos os acordos e actuacións necesarias para o seu outorgamento e cumprimento.*
- b) Que o outorgamento e cumprimento do contrato non contravén ningunha norma de calquera rango a que o Excmo. Concello estea suxeito, sendo válidas e vinculantes as obrigas contraídas por este en virtude do contrato.*
- c) Que toda a información subministrada polo Excmo. Concello á Entidade Financeira () é correcta, non existindo feitos nin omisións que desvirtúen a devandita información.*

- d) *Que non se require ningún consentimento, autorización, trámite ou aprobación, en relación co outorgamento, validez e esixibilidade do contrato, que non se obtivera previamente á súa formalización.*
- e) *O Concello de Vigo, porá a disposición dos licitadores, o informe emitido polo Sr. Interventor Xeral, sobre o cumprimento dos requisitos básicos para a concertación da operación de endebedamento: Aforro Neto, porcentaxe de endebedamento, estabilidade orzamentaria, Remanente de Tesourería, Regra de Gasto, aprobación do orzamento para o ano 2014, Liquidación do Orzamento do ano 2013, destino dos recursos a investimentos.*

DÉCIMOQUINTA: COMUNICACIÓNS

As comunicacións entre o Excmo. Concello de Vigo e a Entidade Financeira () que non tivesen prevista no contrato unha forma especial, realizaranse utilizando calquera medio que permita deixar constancia do seu envío e recepción.

Para os efectos de calquera comunicación, notificación ou requirimento se sinalan como domicilios os que figuren neste contrato.

DÉCIMOSEXTA:

A efectos meramente informativos faise constar que a suma de xuros, que o Excmo. Concello de Vigo está obrigado a pagar á Entidade Financeira como contraprestación polo Préstamo recibido e os servizos inherentes a este, equivale, con referencia aos termos do contrato, á taxa efectiva anual pospagable do () por cento, equivalencia obtida por aplicación da fórmula recollida no ANEXO V da circular 8/1990, do 7 de setembro, do Banco de España (BOE números 226 e 313, do 20 de setembro de 1990 e 31 de decembro de 1993, páxs. 27506 e 37835, respectivamente), incluíndo as modificacións das Circulares 6/1991, de 13 de novembro; 13/1993, de 21 de decembro; 5/1994, de 22 de xullo; 3/1996, de 27 de febreiro; 4/1998, de 27 de xaneiro e 3/1999, de 24 de marzo.

DECIMOSÉTIMA:

O presente contrato poderá ser elevado a escritura pública a petición de calquera das partes, correndo cos gastos inherentes a tal elevación, o seu solicitante.

E en proba de conformidade, asinan este documento por cuadruplicado, no lugar e data arriba indicados.

16(656).- PROXECTO PARA A “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA CAMELIAS, FASE 3, ENTRE PRAZA DE AMÉRICA E PRAZA DA INDEPENDENCIA”. ENCOMENDA A AQUALIA. EXPTE. 2651/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 23.06.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 18 de xuño de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 20 de xuño de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA CAMELIAS, FASE 3, ENTRE PRAZA DE AMÉRICA E PRAZA DA INDEPENDENCIA” considerado de urxencia e execución inaprazable.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(657).- PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA PRAZA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CAMIÑO MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO”. PROPOSTA DE APROBACIÓN. EXPTE. 2617/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.06.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 17.06.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Con data 28 de abril de 2014, o Pleno Municipal aprobou a corrección de erros materiais e aritméticos, na modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao exercicio do 2.012. expediente nº: 2288/440, e entre outros aspectos as inversións previstas no ámbito da citada modificación de créditos, atópanse suxeitas o rigorosidade do principio de que tales investimentos deben cumprir co principio de “investimentos que sexan financeiramente sustentables ao longo da súa vida útil.

Dacordo co estipulado na Orde EHA/3565/2008, as actuacións contempladas neste proxecto responden os criterios definidos para “inversións reais”, xa que as mesmas correspóndense con gastos destinados maioritariamente a actuacións de rehabilitación e mellora nas vías públicas de titularidade municipal. As actuacións de inversións previstas no proxecto abarcan a renovación da rede de saneamento, abastecemento e distribución de augas, e a implantación dun sistema de saneamento separativo de augas residuais, o cal aumenta a eficiencia dos diferentes tratamentos que existen o longo da rede municipal, o que aforra enerxía nos diversos bombeos e elementos de depuración e mellora a calidade das augas nos diversos aliviadoiros que presenta a rede, o que implica unha protección e mellora do medio ambiente.

Neste sentido de protección e mellora do medio ambiente, tamén se realizará unha renovación dos elementos de alumado público para mellorar a eficiencia lumínica coa que se reducirá a contaminación lumínica ademáis do aforro enerxético que supón.

Para a realización das renovacións mencionadas e de modo complementario, demolerase a pavimentación, o cal será aproveitado, na reconstrución para adecuar a mesma para mellorar a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida. Do mesmo modo, se aproveita a actuación para coa modificación da sección transversal da rúa aumentando o ancho das beirarrúas, favorecer e fomentar a mobilidade sostible, a través da potenciación do tránsito peonil e o uso de medios de transporte colectivo, o que implica tamén unha protección e mellora do medio ambiente.

Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas das infraestructuras, o tempo que se conseguira unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de “investimentos reais”.

En relación a obriga que se establece no apartado 2º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, debe ter unha vida util non inferior a cinco anos, esta condición cumprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións realizadas a través de la utilización de elementos construtivos con unha vida útil en todos os casos maior do limite establecido, entendendo por vida útil a previsión do tempo durante o cal é susceptible de ser utilizado o vial sobre o que se actuará, nas condicións de calidade requiridas.

En relación a obriga que se establece no apartado 6º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, cumpra cos obxectivos de que a mesma non sexa xeradora de gastos futuros no horizonte da súa vida útil, esta condición cumprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións que xustificarán un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, xa que neste caso, son investimentos de reposición que van a deferir no tempo, a necesidade de recursos para o seu funcionamento operativo ou de mantemento ordinario, por supor este investimento unha posta ao día do ámbito de actuación, en consecuencia, a actuación definida neste expediente está conformados como un instrumento xerador de aforro, e en ningún caso, xerará gastos por enriba dos actuais, xa que durante a vida útil dos mesmos (maior de cinco anos) se producirá un equilibrio e redución real dos gastos de mantemento, xa que as actuacións que actualmente se realizan sobre os mesmos, se verán diferidas no tempo.

PROXECTO:

En relación os antecedentes mencionados, o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao exercicio do 2.012. expediente nº: 2288/440, contempla a actuación incluída neste expediente de acordo cos seguintes datos:

Aplicación	Proxecto	concepto	Importe
1550.6190066	14155066	Humanización Praza Martínez Garrido	290.000,00

A empresa GALICONTROL., presenta o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA PRAZA MARTÍNEZ GARRIDO (ENTRE CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO)”, redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS Trinidad López Rodríguez e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO Álvaro Crespo Casal, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVENTA MIL EUROS (290.000,00 EUROS).

A zona de actuación na Rúa Martínez Garrido, entre Camiño Medeiros e Camiño Sobreiro, ten unha lonxitude de 65m, e abarca unha superficie de 600m2.

As accións que se levarán a cabo son basicamente as seguintes:

- 1) Muro de contención de terras e recheo da propiedade municipal
- 2) Renovación das instalacións de iluminación e rego.
- 3) Redistribución do espazo.

O obxecto desta actuación é crear unha zona estancial para uso e disfrute dos viandantes, incluíndo na mesma un homenaxe conmemorativo da persoa que da nome á rúa: Emilio Martínez Garrido, mellorando así a calidade urbana e os servizos, ofrecendo unha imaxe renovada e moderna da cidade, acorde o novo entorno que a rodea.

- 4) Mellora do mobiliario existente.

-Banda conmemorativa na fronteira da actuación, integrada no pavimento.

-Execución dunha xardineira in situ no espazo gañado ó aparcamento, mediante ladrillo enfoscado por ambas caras, con altura variable, e con bancos ancorados mediante perfilería metálica galvanizada.

-Execución de deseños artísticos no mural de peche e na xardineira executada in situ.

-Incrustacións de distintos materiais no pavimento existente, acorde cos deseños do mural e da xardineira.

-Elementos esculturais conmemorativos situados no zona verde que rodea o mural.

-Execución de refuxio de contedores da isla ecolóxica que hai na proximidade o entorno.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO MESES.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 16 de xuño, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa GALAICONTROL. para a HUMANIZACIÓN DA PRAZA MARTÍNEZ GARRIDO (ENTRE CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO)" por un importe de 290.000 Euros (IVE engadido) e un prazo de execución de catro meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(658).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADE DA ENTIDADE- ANO 2014. EXPTE. 6576/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 4.06.14, o informe de fiscalización do 18.06.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 29.05.14, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Educación, Emprego,

Participación Cidadá e Voluntariado e o concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890006, denominada “Convenio Asociación Agarimo”, incluída no vixente orzamento municipal prorrogado.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” (CIF.- G-36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 13.000 € (trece mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2014

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana Gil Lodeiro, con DNI 35984887F, en calidade de Presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo ” (CIF: 36821817), con domicilio social na Rúa San Xosé, 22- baixo (esquina Travesía de Vigo, 46), de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6576/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.

III.- Que a entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo", de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, par a súa defensa.
- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2014, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2014, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal prorrogado, a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada "Convenio Asociación Agarimo", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 13.000 €. Nos mesmos termos e contía se contempla no orzamento municipal de 2014, aprobado inicialmente en sesión plenaria extraordinaria, con data 02/05/14.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" para o 2014, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Charlas/coloquios/conferencias informativas sobre diferentes temas: "Producción e comercialización do café e precio xusto", seguridade vial
- Actuacións da coral da asociación durante todo o ano,
- Participación no 8º certame de "Habaneiras" e no 7º Festival do ACOPOVI (IFEVI)
- Representacións diversas do grupo de teatro da asociación: obra "O Anel Máxico"
- Obradoiro-charla no local social, co gallo do Día Internacional da Muller: "Mulleres que fixeron historia"
- Visita/excursións: Lalín, Negreira, Alberca, Salamanca, As Batuecas, Os Milagros, Baños de Molgas e Río Arnoia, Sobrado dos Montes, Santiago de Compostela, Illas Cíes, Italia
- Impartición de cursos: "Coñece a historia do teu pobo", pilates, entramento da memoria, manualidades, avellentamento activo, encaixe de bolillos, tapicería e patchwork, risoterapia, manualidades de pintura, bailes de salón e taichi
- Entroido- baile disfraces e espectáculo de "Cristian Music Hall"

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados para o ano 2014, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/01/14-31/10/14)	
Aluguer local	12.700,00 €
Subministros auga e enerxía eléctrica	850,00 €
Limpeza local	1.450,00 €
Recollida do lixo	170,00 €
Seguridade, alarma local	500,00 €
Gastos teléfono, internet e fax	1.400,00 €

<i>Póliza seguro, subscripción prensa e páxinas amarelas</i>	650,00 €
<i>Gastos correo (envío circulares)</i>	950,00 €
<i>Varios</i>	245,00 €
TOTAL	18.915,00 €

IX.- Que a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo” comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto as correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, a balance económico anual.*
- 6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo” unha subvención por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “Convenio Asociación Agarimo”, do vixente orzamento municipal prorrogado, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/01/14 e o 31/10/14, en definitiva, para o fomento das mesmas.
2. Respetar a estrutura organizativa da “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo”.
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

1.De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo".

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación do 2014.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).

- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a

pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0552 01 3040004976 (Novagalicia Banco)

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, respecto dos gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude (luz, auga, teléfono, fax), admítese unha variación de ata un máximo do 10% sobre o importe proxectado.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.

19(659).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN "ANHIDA" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTENIMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE- AÑO 2014 (XANEIRO-OUTUBRO). EXPTE. 6578/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 6.06.14, o informe de fiscalización do 17.06.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 30.05.14, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Educación, Emprego,

Participación Cidadá e Voluntariado e o concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890002, denominada “*Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro*”, incluída no vixente orzamento municipal prorrogado, a favor da entidade *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”*.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”* (CIF.- G-36938272), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o período comprendido entre xaneiro e outubro de 2014, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 4.000 € (mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN “ANHIDA”, PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, REALIZADAS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO DE 2014, MEDIANTE A AXUDA NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Ricardo García Díaz, con DNI 36073842-K, en calidade de Presidente da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA” (CIF: G-36938272), con domicilio social na Rúa Antón Beiras, 8, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6578/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio á atención e integración social, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, educativos, formativos, así como, a información, promoción e organización de accións encamiñadas orientadas á defensa dos dereitos das persoas con necesidades especiais, sendo a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.*
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.*
- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.*
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.*
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.*
- ✓ Fomentar o estudio da hiperactividade e de déficit de atención.*
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.*
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.*
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.*
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 889/04.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2014, segundo memoria achegada, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2014, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do local social necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV ("Transferencias correntes") do seu vixente orzamento municipal prorrogado, a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro". Nos mesmos termos e contía se contempla no orzamento municipal de 2014, aprobado inicialmente en sesión plenario extraordinaria, con data 02/05/14.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" para o 2014, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Terapia psicolóxica
- Psicomotricidade
- Terapia Psicopedagóxica
- Clases de apoio
- Terapia asistida con cans
- Curso psicoeducativo e coaching para adultos con TDAH
- Charlas en colexios
- Terapia para pais

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade realizadas entre xaneiro e outubro de 2014, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do local social, necesarios para o seu desenvolvemento, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL (xaneiro-outubro)	
Aluguer local social	15.000,00 €
Electricidade	1.250,00 €
Auga	250,00 €
TOTAL	16.500,00 €

O importe total do orzamento anual de gastos da entidade ascende a 61.566,28 €.

IX.- Que a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" non incorra en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- *A entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, a balance económico anual.*
- 6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- 1. Conceder directamente á entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" unha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo*

de lucro", do vixente orzamento municipal prorrogado, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades entre o 01/01/14 e o 31/10/14, en definitiva, para o seu fomento.

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

3. Colaborar na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2014 (01/01/14-31/10/14).

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.

- *cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- *para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- *non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- *o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- *xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- *cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- *cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5053 61 3040021147 (novagalicia Banco)

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, respecto dos gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude (auga e luz), admítense unha variación de ata un máximo do 10% sobre o importe proxectado.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición,

estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.

20(660).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA SOLICITADA POR R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. POR OBRAS NO APARCADOIRO PÚBLICO ZARAGOZA-VALLE INCLÁN. PROPOSTA DESESTIMATORIA. EXPTE. 19685/240.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 11.06.14, conformado pola concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
2. Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
3. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
4. RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

5. RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- D. Julio Sanchez Agrelo, Director da División de Red de R Cable y Telecomunicaciones Galicia SA, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do concello de data 18.03.2014, solicita a devolución da fianza en metalico constituída para responder das obras de canalización no aparcadoiro publico Zaragoza-Valle Inclán, por un importe de 100 euros.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno local en sesión de 3 de xullo do 2006 acordou autorizar a R Cable y Telecomunicaciones Galicia SA a ocupación do dominio público mediante a instalación dun cableado de telecomunicacións no aparcadoiro subterráneo da rúa Zaragoza-Valle Inclán, dacordo coa memoria de data 17.04.2006 achegada pola interesada e con sometemento as condicións xurídicas e técnicas sinaladas na propia autorización.

TERCEIRO.- Da cordo co previsto no apartado 4 das condicións xurídicas da autorización administrativa otorgada, pola que se rixe, a entidade autorizada deberá depositar unha fianza por importe de 100 € para responder dos danos que se poidan ocasionar ó dominio público ocupado, nas operacións de instalación e no desenvolvemento do servizo.

Conseguentemente, a fianza constituída responde non soamente polos posibles danos que poideran ocasionarse na instalación, senon durante toda a vixencia da autorización polos que poideran ocasionarse coa prestación do servizo, e unha vez extinguida esta, na reposición do dominio público o seu estado orixinal, xa que como se sinala no apartado 11 das condicións xurídicas, extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a empresa procederá á retirada da instalación, correndo os gastos a cargo da mesma, debendo reponer o dominio público municipal ó seu estado orixinal.

CUARTO.- Toda vez que dita autorización xa extinguíuse polo transcurso do prazo otorgado, e comprobado polos servizos técnicos municipais que non se retirou a instalación, non procede acceder a devolución da fianza constituída, en tanto non se verifique polos servizos técnicos municipais o cumprimento polo solicitante da súa obriga de retirada da instalación e reposición do dominio público ao seu estado orixinal.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de devolución de fianza formulada pola Red de R Cable y Telecomunicaciones Galicia SA, constituída para responder das obras de canalización no aparcadoiro público Zaragoza-Valle Inclán, autorizadas pola Xunta de Goberno Local o 3 de xullo do 2006, o terse extinguida dita autorización e non proceder á retirada da instalación e á reposición do dominio público ao seu estado orixinal.

SEGUNDO.- Requerir a Red de R Cable y Telecomunicaciones Galicia SA para que, no prazo dun mes, proceda a retirar a instalación efectuada no aparcadoiro público Zaragoza-Valle Inclán, e comunicar os servizos técnicos municipais (Area de fomento) o seu cumprimento para súa verificación, como trámite previo á devolución da fianza constituída.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(661).- DECLARACIÓN DE PERDA DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POR JOSE L. DARRIBA FERNÁNDEZ POLA CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO CON INSTALACIÓN DE QUIOSCO EN RÚA GRAN VÍA. EXPTE. 19681/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 6.05.14, conformado pola concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- LRBRL (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- TRLCSP (R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro do Texto refundido da LCSP).
- RCCL. (Decreto 9 de xaneiro de 1953 do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais)
- LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).
- Prego de condicións administrativas aprobadas por acordo plenario de 29 de abril de 1982, polo que se rexe a concesión administrativa de uso do dominio público municipal para a instalación de quioscos destinados a venda de prensa periódica con exclusión doutra actividade negocial.

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- D. José Luis Darriba Fernández, mediante escrito presentado en data 06/03/2014 comunica o remate dos traballos de retirada da base do quiosco sito na Avda. Gran Vía de Vigo, e solicita o reintegro da fianza constituída no seu día co obxecto da concesión administrativa outorgada para a instalación e explotación dun quiosco de venda de prensa na vía pública.

SEGUNDO.- Segundo parte de inspección da Concellería de Fomento de data 21.04.2014, comprobouse que a beirarrúa atopase en aceptable estado de conservación.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local, por acordo adoptado o 13 de xullo do 2012 resolveu: Declarar resolta a concesión administrativa outorgada o 7 de marzo de 1983, á D. Jose L. Darriba Fernández para a ocupación do dominio público municipal mediante a instalación dun quiosco na Avda. de Gran Vía desta cidade de Vigo, ao cesar na súa actividade e atoparse rexentado por terceiro non autorizado, consonte o disposto na Base VIII e XV.9 do Prego de condicións administrativas pola que se rexe dita concesión administrativa. SEGUNDO.- Requirir a D. José L. Darriba Fernández para que no prazo dun mes, a contar dende o recibo da presente notificación, proceda á retirada do quiosco da vía pública, debendo comunicar ao departamento municipal de vías e obras a súa realización para o correspondente control e seguimento destes. TERCEIRO.-Apercibirlle que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederase por esta Administración á execución forzosa do ordeado, de acordo co procedemento previsto na Lei 30/92 de RXAP e PAC, correndo do seu cargo tódolos gastos que se poidan orixinar ao efecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- De acordo co previsto na Base IX do Prego de Condicións administrativas para a instalación de Quioscos na vía Pública, aprobado por acordo do pleno municipal 29/04/1982, que serviu de base para a adjudicación do concurso público e polo que se rexe a concesión administrativa outorgada a D. José L. Darriba Fernández, foi constituída a fianza definitiva, polo importe

da taxa anual fixada na Ordenanza Fiscal, quedando afecta a garantir o cumprimento das obrigas do concesionario.

SEGUNDO.- No presente caso, segundo resulta do acordado pola Xunta de Goberno Local o 13 de xullo do 2012 dita concesión administrativa foi declarada resolta por causa imputable o concesionario o ter cesado na actividade do quiosco e atoparse este rexentado por terceiros sen que tivera obtido a correspondente autorización municipal, o que supuso unha infracción do disposto na Base VIII e XII do Prego, e conseguintemente incursa en causa de resolución prevista no prego de condicións na súa Base XV.9.

TERCEIRO.- Así mesmo, o RCCL dispoñe, no seu art. 97, que cando a Corporación acorde a resolución do contrato polo incumprimento do contratista, produciráse o efecto da perda da garantía provisional ou definitiva constituída.

CUARTO.- A teor do que antecede, pódese considerar que, o terse constituída a fianza definitiva polo concesionario para responder do cumprimento das súas obrigas derivadas da concesión outorgada, e unha vez que aconteceu a resolución de dita concesión por causa imputable o mesmo, non procede a devolución de dita garantía, debendose declarar a súa perda, consonte o disposto na normativa de aplicación.

QUINTO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no TRLCSP, na súa Disposición Adicional Segunda, apartado 3.

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“PRIMEIRO.- Declarar a perda da garantía definitiva constituída por D. José L. Darriba Fernández, polo importe de 432,73 euros (mandamento de ingreso nº 766/83 de 28.07.1983), na concesión administrativa que lle foi outorgada o 7 de marzo de 1983 para a ocupación do dominio público municipal mediante a instalación dun quiosco na Avda. de Gran Vía desta cidade de Vigo, ao resolverse dita concesión por causa imputable ao concesionario.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, e á Intervención Xeral para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(662).- ABOAMENTO Á COMUNIDADE DE VECIÑOS DA RÚA GAIVOTA 7 DAS COTAS POR GASTOS DE COMUNIDADE DE VIVENDA DE PROPIEDAD MUNICIPAL, POR IMPORTE DE 648 €, PERÍODO DE XANEIRO DE 2013 A XUÑO DE 2014. EXPTE. 313/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.06.14, e de acordo informe-proposta do técnico de Admón. Especial, do 10.06.14, conformado polo xefe de Patrimonio e pola concelleira de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de veciños da rúa Gaivota 7, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello da vivenda 8º D, cedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a cantidade de 648 €, polo período de xaneiro de 2013 ata xuño de 2014, ambos incluídos.

O gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto.

23(663).- ABOAMENTO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA DOCTOR CORBAL 21-23 DAS COTAS POR GASTOS DE COMUNIDADE E DERRAMAS DE LOCAL DE PROPIEDAD MUNICIPAL, POR IMPORTE DE 745,17€, PERÍODO DECEMBRO 2012 A XUÑO DE 2014. EXPTE. 298/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.06.14, e de acordo informe-proposta do técnico de Admón. Especial, do 4.06.14, conformado polo xefe de Patrimonio e pola concelleira de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de propietarios da rua Doctor Corbal 21-23, o importe de 745,17 € correspondentes os meses de decembro 2012 a xuño de 2014, en concepto de cuotas ordinarias e derramas.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto.

24(664).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 2”- PLANS DE INVERSIÓN DE AQUALIA. EXPTE. 2510/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 24.06.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprometése a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 2.”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 2 de agosto de 2013 co número de expediente 2.542/443 por importe de 77.217,53 € (IVE excluído).

En data 19 de xuño 2014, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 2.”, cos datos

requeridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 1.977/440

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A38849495.

Orzamento de execución material: 64.888,68 €

Orzamento de contrata: 77.217,53 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 2 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: Non se esixe

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: VILAR MONTORO INGENEIRÍA.

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: PROYEGAL.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

25(665).- PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 350/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transporte, do 23.06.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

O Concello de Vigo elaborou en materia de mobilidade e transporte durante os últimos anos os seguintes planes :

- plan de mobilidade de Vigo .*
- plan de actuación para a optimización do transporte urbano colectivo de viaxeiros .*
- estudio de mellora do transporte urbano colectivo de viaxeiros e da ampliación do ámbito de aplicación da XER*
- plan de seguridade vial .*
- plan de transporte ao parque tecnolóxico.*
- plan de transporte ao campus universitario .*
- estudo de implantación do carril bus .*
- propuesta para la remodelación del transporte urbano colectivo de via*

Posteriormente o Concello acordou a solicitude de elaboración da integración nun único documento dos citados estudos realizando a avaliación medioambiental das medidas concretadas nos mesmos para a obtención duns indicadores de referencia que xustifiquen as medidas incorporadas e permitan o seguimento das mesmas xustificando a sostenibilidade ambiental .

O resultado deste documento e o Plan de mobilidade urbana sostenible da cidade de Vigo, elaborado inicialmente no ano 2012 .

Con data 21 de abril de 2014 foi encargada a empresa Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais (Petra) a execución da elaboración da actualización do Plan de mobilidade urbana sostible da cidade de Vigo. Expediente 88867/210.

Realizados os tramites necesarios para a elaboración dos traballos solicitados e a recompilación da documentación necesaria a actualización do Plan foi elaborada e presentada na data 26 de

maio de 2014. Examinado polos distintos servizos municipais foron efectuados algúns axustes no contido do mesmo.

Unha vez finalizada a elaboración do mesmo, procede realizar os tramites necesarios para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local .

De conformidade co disposto no apartado 5 do artigo 101 da Lei 2/2011 de 4 de marzo para a elaboración e revisión dos planes de mobilidade sostible , garantirase a participación pública segundo o previsto na Lei 27/2006 de 18 de xullo que regulo os dereitos de acceso a información , de participación pública e de acceso a xusticia en materia de medio ambiente , lei que recolle entre outros medios os electrónicos cando se dispoña deles.

O Concelleiro-Delegado de Fomento na data 5 de xuño de 2014 , de conformidade co decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 7 de febreiro de 2013 e o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro de 2013 , en uso das facultades neles contidos ditou Resolución pola que ordeaba aos servizos técnicos municipais a iniciación dos tramites necesarios para a aprobación do Plan de Mobilidade Urbana Sostible da Cidade de Vigo de conformidade co disposto na vixente lexislación e ordenou a publicación na paxina web do Concello durante o prazo de 10 días hábiles para presentación de suxerencias e alegacions ao mesmo . Dito prazo finalizou o día 17 de xuño e foron presentadas as seguintes alegacions e suxerencias :

- A GOLPE DE PEDAL , asociación de amigos da bicicleta .
- Asociación para a participación cidadá OUTROVIGO E POSIBLE
- WELGOOD SOLUTIONS S.A.
- EQUO PONTEVEDRA .

Examinado o contido dos mesmos foron incorporados ao texto do plan novos apartados relativos a bicicleta , red de aparcabiscis , sinalización expedifica de bicicletas , normativa relativa as mesmas ; bicicletas electricas , mejora de accesibilidade en recorridos peatonales mediante medios electricos , etc. presentandose o texto definitivo na data 23 de xuño de 2014.

O citado documento foi elaborado cumprindo os criterios , obxectivos e contidos reglados e prescritos nos artigos 99, 100 e 101 da Lei 2/2011 de 4 de marzo sobre economía sostenible, e as directrices da estratexia española de mobilidade sostenible .

Polo exposto PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL por ser o organo competente para a súa aprobación de conformidade coa Resolución de data 13 de xuño de 2011 no seu numero primeiro apartado d A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Aprobar o Plan de Mobilidade urbana sostenible da cidade de Vigo presentado na data 23 de xuño de 2014 e cuio texto se adxunta a presente proposta .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o “Plan de Mobilidade urbana sostible da Cidade de Vigo”, presentado na data 23.06.14, conforme o texto obrante no expediente que consta de 138 páxinas.

26(666).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 361/449.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 18.06.14, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO ; Aprobar o proxecto de Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo co texto que se adxunta a presente proposta .

SEGUNDO ; Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo :

PRIMEIRO,-Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo co texto que se adxunta a presente proposta .

SEGUNDO ,-Abrir un período de información pública e conceder trámite de audiencia as Asociacións representativas do sector polo prazo de 30 días contados a partir da publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións .

TERCEIRO,- Declarar que de conformidade co establecido no artigo 49.C) da Lei reguladora das bases de réxime local , de non presentarse ningunha reclamación ou suxestións , entenderase definitivamente aprobada a Ordenanza aprobada inicialmente , debendo publicarse o texto integro na Ordenanza no BOP entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación .

PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO.

INDICE

TITULO I : OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL

ARTIGO 1 : OBXETO

ARTIGO 2 : COMPETENCIA MUNICIPAL

ARTIGO 3 : DISPOSICIONS COMPLEMENTARIAS

ARTIGO 4 : ORGANOS COMPETENTES

TITULO II OS TITULOS HABILITANTES. AS LICENZAS MUNICIPAIS.

ARTIGO 5 : OS TITULOS HABILITANTES

CAPITULO I : AS LICENZAS MUNICIPAIS

ARTIGO 6 : REQUISITOS PARA SER TITULAR

ARTIGO 7 : LIMITACION NA TITULARIDADE DE LICENZAS

ARTIGO 8 : PROCEDEMENTO DE CREACIÓN DE NOVAS LICENCIAS

ARTIGO 9 :SUSPENSION DE LICENZAS

ARTIGO 10 :LIMITACIONS NA TRANSMISION DE LICENZAS

ARTIGO 11 :TRANSMISION DE LICENZAS

ARTIGO 12 :PROCEDEMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS

ARTIGO 13 :PROHIBICIONS

ARTIGO 14 EXTINCION DAS LICENZAS

CAPITULO 2 : REXISTRO MUNICIPAL DE LICENZAS

ARTIGO 15 :CONTIDO DO REXISTRO

CAPITULO 3 VISADO

ARTIGO 16 : OBLIGATORIEDADE

TITULO III OS VEHICULOS

ARTIGO 17 : NORMAS XERAIS
ARTIGO 18 : PROCEDEMENTO
ARTIGO 19 :PROHIBICIONS
ARTIGO 20 : CARACTERISTICAS DOS VEHICULOS
ARTIGO 21 : DOCUMENTACIÓN
ARTIGO 22 :ANTIGUEDADE
ARTIGO 23 : PROCEDEMENTO

TITULO IV OS CONDUCTORES

ARTIGO 24 : NORMAS XERAIS
ARTIGO 25 : OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR
DE TAXI. CONDICIONS EXISIBLES
ARTIGO 26 : RENOVACIONES E DUPLICADOS
ARTIGO 27 :CADUCIDADE
ARTIGO 28: A TARXETA DE IDENTIFICACIÓN DO CONDUCTOR DE
AUTOTAXI

TITULO V PUBLICIDADE

ARTIGO 29: NORMAS XERAIS

TITULO VI PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 30 : CONCERTACION DO SERVIZO
ARTIGO 31 : PREFERENCIA
ARTIGO 32 : INICIACION DO SERVIZO
ARTIGO 33 :PAGAMENTO DO SERVIZO
ARTIGO 34 :AVARIA O ACCIDENTE
ARTIGO 35 :DENEGACION DO SERVIZO
ARTIGO 36 :OBXETOS PERDIDOS
ARTIGO 37 :FORMA DE PRESTACION DO SERVIZO
ARTIGO 38 :SITUACIONES DE EMERGENCIA
ARTIGO 39 : DESCANSOS
ARTIGO 40 :PARADAS
ARTIGO 41 :EUROTAXIS

TITULO VII REXIMEN ECONOMICO

ARTIGO 42: NORMAS XERAIS

TITULO VIII ESTATUTO XURÍDICO DAS PERSOAS USUARIAS DO TAXI

ARTIGO 43: DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS
ARTÍGO 44 : DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

TITULO IX INFRACCIONS E SANCIONS. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

CAPITULO 1 INFRACCIONS : FALTAS MOI GRAVES, GRAVES E LEVES. PRESCRICIÓN

ARTIGO 45 : INFRACCIONS
ARTIGO 46 :FALTAS MOI GRAVES
ARTIGO 47 :FALTAS GRAVES
ARTIGO 48 :FALTAS LEVES
ARTIGO 49 :SANCIONS

CAPITULO 2 : PROCEDEMENTO SANCIONADOR

DISPOSICION TRANSITORIA
DISPOSICION DERROGATORIA UNICA
DISPOSICION FINAL PRIMEIRA
DISPOSICION FINAL SEGUNDA

TITULO I : OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL

ARTIGO 1 : OBXETO

•A presente Ordenanza, ten por obxecto a regulación do servizo urbano de transporte de viaxeiros en automóbiles de aluguer con condutor denominados "taxis", dentro do termo municipal de Vigo.

•Considéranse servizos de taxi, o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarefa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

•No non previsto na presente Ordenanza ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas da Lei 4/2013 de 30 de maio; e supletoriamente seguirase o Regulamento Nacional dos Servizos Urbans de Transportes en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, e as súas modificacións aprobadas por Real Decreto 1080/89 de 1 setembro, e Real Decreto 236/1983, de 9 de febreiro.

ARTIGO 2 : COMPETENCIA MUNICIPAL

•O Concello intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:

- Sometemento a licenza municipal previa.
- Fiscalización da prestación do servizo.
- Informe sobre a solicitude de revisión de tarefas do servizo.
- Ordenanza fiscal reguladora das taxas.
- Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
- Calquera outra atribución na materia establecida nas normas legais ou regulamentarias.

ARTIGO 3 : DISPOSICIONS COMPLEMENTARIAS

•As disposicións complementarias que poderá dictar o Concello referiranse, entre outras, ás seguintes materias:

- Publicidade.
- Quendas de vacacións e de descansos.
- Quendas diarias de permanencia no servizo.
- Identificación e características dos autotaxis.
- Determinación y modificación de paradas e regulación das mesmas.
- Servizos por chamadas telefónicas ou radio-telefoneo

- *Zonificación da cidade para mellorar a prestación do servizo así como coordinalo servizo público de autotaxi e co transporte urbano público de viaxeiros.*

ARTIGO 4: ORGANOS COMPETENTES

• *As competencias municipais corresponden ós seguintes órganos:*

a) PLENO

- *A aprobación definitiva da ordenanza, así como a aprobación das modificacións da mesma, sempre que supoña un cambio substancial no exercizo do servizo de taxi.*
- *A aprobación dos expedientes de ampliación de licenzas .*

b). XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- *A aprobación do proxecto de ordenanza, e a emisión de informes de toda modificación da mesma previos á súa presentación ó Pleno.*
- *A concesión das licenzas municipais que, no seu caso, queden vacantes ou se amplíen.*
- *A aprobación das Disposicións Complementarias da prestación do servizo.*
- *O coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que conleven a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.*

c) ALCALDE

- *O coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores e a imposición de sancións non previstos no punto anterior.*
- *A concesión dos permisos para conducir os vehículos do servizo público e a súa renovación.*
- *A autorización da transmisión das licenzas nos supostos previstos na presente Ordenanza.*
- *A concesión das autorizacións para adscribir os vehículos ás licenzas e para a súa substitución.*
- *Ditar cantas normas sexan da súa competencia para mellor xestión do servizo público de taxi e as ordes individuais constitutivas de mandato que sexan necesarias.*
- *Fixar ou modificar as paradas do servizo público de taxi.*

Todas aquelas outras facultades que non estean expresamente outorgadas por esta Ordenanza ou por disposicións de rango superior ao Alcalde, corresponderán á Xunta de Goberno Local.

TITULO II OS TITULOS HABILITANTES. AS LICENZAS MUNICIPAIS.

ARTIGO 5 : OS TITULOS HABILITANTES

- A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten ós seus titulares para exercer dita actividade.
- Constitúe título habilitante a licenza municipal de taxi, que habilita para a prestación dos servizos urbanos de taxi e que é outorgada polo Concello.
- Tamén constitúe título habilitante a autorización interurbana de taxi, que será outorgada pola consellería competente en materia de transportes.
- A prestación do servizo público regulado na presente Ordenanza estará suxeita á previa obtención de licenza municipal, que se outorgará de conformidade e cos requisitos esixidos na presente ordenanza municipal e tendo en conta o disposto nos artigos 5 e 17 da Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

CAPITULO I AS LICENZAS MUNICIPAIS

ARTIGO 6 : REQUISITOS PARA SER TITULAR

Para a prestación do servizo de taxi , requirese a previa obtención da licenza municipal de taxi , concedida polo Concello .

- Só poderán ser titulares de licenzas de taxis as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos:

a)Ter nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea, ou doutro país estranxeiro en que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa exisíble o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.

b)Ter domicilio fiscal e estar empadroado no Concello de Vigo.

c)Acreditar a titularidade do vehículo en calquera rexime de utilización xuridicamente válido.

d)Xustificar o cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas na lexislación vixente, e non ter débedas co Concello.

e)Acreditar o cumprimento dos requerimentos técnicos do vehículo de turismo que se vai adscribir á licenza e ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que se poidan ocasionar na prestación do servizo.

f)Acreditar estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi, establecido por esta ordenanza.

g)Ter cuberta a responsabilidade civil ilimitada polos danos que puideran ocasionarse na prestación do servizo

h)Non estar incluído nun caso de incompatibilidade laboral para o exercicio da profesión .

i)Os demais requisitos que se establezan regulamentariamente.

ARTIGO 7: LIMITACION NA TITULARIDADE DE LICENZAS

- Únicamente se poderá ser titular dunha licenza municipal sen excepcións, e deberá ser explotada polo titular con plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi.
- Non se poderá ser titular de licenzas de taxis en distintos Concellos.
- Cada licenza de taxi non poderá ter adscritos á mesma máis de dous condutores, incluída a persoa titular.

ARTIGO 8: PROCEDEMENTO DE CREACIÓN DE NOVAS LICENCIAS

•O procedemento de creación de novas licenzas virá determinado nun estudo no que se acreditará a necesidade e conveniencia da ampliación, en aras a lograr unha mellora e perfeccionamento do servizo, tendo en conta a oferta e a demanda, así como o incremento da poboación. Para eso analizarase:

- A situación do servizo antes do outorgamento de novas licenzas, en canto á súa calidade e extensión.
 - O tipo, extensión e crecemento dos núcleos de poboación (residencial, turística, industrial, etc.) e o número de habitantes.
 - As necesidades reais dun mellor e máis extenso servizo.
 - A repercusión das novas licenzas no conxunto do transporte e a circulación e o medio ambiente.
 - Unha avaliación da rendabilidade hipotética das novas licenzas e a súa repercusión na explotación das licenzas vixentes.
- No expediente que se tramite ó efecto solicitarase informe dos órganos competentes e darase audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores representativos do sector e ás dos consumidores e usuarios.
- As licenzas disponibéis seran otorgadas mediante concurso público.

En todo caso debera considerarse o disposto no artigo 6 da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de personas en vehículos de turismo de Galicia sobre a determinación do número de licenzas.

ARTIGO 9: SUSPENSION DE LICENZAS

- As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos nos seguintes casos :
- Por solicitude da persoa titular, cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada.
 - De oficio, nas transmisión forzosas, cando a persoa adxudicataria non reúna os requisitos para ser titular.

•As solicitudes de suspensión enténdense estimadas se no prazo de tres meses o Concello non tivese ditado e notificado resolución expresa; pero non se estimará unha solicitude de suspensión até que transcorran dous anos contados dende a data de finalización do anterior periodo de suspensión.

•Transcorrido un mes dende a finalización do prazo de suspensión sen haberse reanudado o servizo , incurrirase en causa de caducidade da licenza

•Autorizada a suspensión polo Concello, o titular debera retirar do vehículo os distintivos que o identifican como taxi así, como o taxímetro que será comprobado polo Concello , e facer entrega no concello da licenza de taxi e do permiso municipal de conductor

ARTIGO 10: LIMITACIONES NA TRANSMISION DE LICENZAS

• A transmisión de licenza de taxi non se poderá autorizar cando concurran as seguintes causas:

a) Se non transcorreran dous anos dende a adquisición polo transmitente da condición de titular da licenza de taxi.

Esta limitación non será de aplicación en caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi.

b) Se o transmitente ou o adquirente non están ó día das obrigas tributarias e de seguridade social, e as relacionadas co servizo de taxi.

c) Se non estivesen satisfeitas as sancións pecuniarias impostas por resolución administrativa firme ó transmitente e ó adquirente derivadas do exercizo da actividade como taxista.

d) Se o adquirente xa é titular dunha licenza municipal de taxi, ou ten na súa posesión algunha licenza noutro municipio.

e) Se o adquirente estivese nalgunha circunstancia de incapacidade laboral para o exercicio da profesión .

f) Se o adquirente non reúne os requisitos para ser titular dunha licenza.

g) Calquera outras limitacións que se establezan na normativa que lle sexa de aplicación.

ARTIGO 11: TRANSMISION DE LICENZAS

•As licenzas teñen un prazo de vixencia indefinido. Non obstante poderán transmitirse “ inter vivos o mortis causa”previa autorización do Concello e sempre que á persoa que o solicite acredite que cumpre cos requisitos para ser titular da licenza nos seguintes casos:

a) Por falecemento do titular, a favor dos seus herdeiros lexítimos : os herdeiros adquirirán os dereitos e obrigacións inherentes a licenza poidendo figurar, en caso de que se constituise, a nome dunha comunidade de herdeiros por un periodo máximo de 2 anos dende o falecemento do causante . Transcorrido o citado prazo as licenzas deberan constar a nome dunha persoa física , caducando en caso contrario .

b) Por xubilación do titular, ben forzosa ou voluntaria, ou por incapacidade laboral declarada polos tribunais ou organismos competentes que lle impidan o exercizo da profesión.

c) Por serlle retirada de maneira definitiva ó titular, a licenza de condución ou do permiso municipal de condutor de taxi, declarada por sentenza xudicial ou por acordo do órgano administrativo competente.

Nos anteriores casos a solicitude de transmisión debera solicitarse no prazo de dous meses dende que se produza a causa da transmisión .

d) Cando o titular da licenza a ostente un mínimo de dous anos, se ben neste caso non poderá o transmitente adquirir nova licenza municipal no prazo de cinco anos por ningunha das formas prescritas na presente ordenanza

As transmisións a que se refiren os apartados b), c), e d) realizaranse a favor de condutores asalariados que presten servizo con plena e exclusiva dedicación na profesión, acreditada mediante a posesión do permiso municipal de condutor de taxi vixente, e a inscrición e cotización en tal concepto na Seguridade Social.

ARTIGO 12: PROCEDIMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS

- Nos casos de transmisión forzosa as solicitudes deberán formularse nun prazo máximo de dous meses, contados a partir da data na que se produce a causa da transmisión respectiva.

- O procedemento para a transmisión da licenza será o seguinte :

a) Solicitude formulada no Concello de transmisión da licenza de taxi acompañada da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 6 da presente ordenanza .

b) Comprobación polo Servizo de Transportes do cumprimento dos requisitos esixibles para a transmisión .

c) Remisión da copia da solicitude da transmisión o Organo competente en materia de transportes da Xunta de Galicia

d) Informe nun prazo dun mes sobre a procedencia de transmisión da autorización interurbana polo citado organo.

e) Autorizada a transmisión da licenza polo Concello o titular presentara solicitude ante os órganos competentes da Xunta de Galicia para a transmisión da autorización interurbana

- Transcurridos tres meses dende a presentación da solicitude de transmisión si non se hubiese dictado e notificado resolución expresa, entenderase desestimada

ARTIGO 13: PROHIBICIONS

- Non se permite en ningún caso o arrendamento ou calquera outro negocio xurídico que comporte a cesión da explotación das licenzas o transmisión das mesmas e dos vehículos afectos a éstas fóra do estipulado nesta ordenanza.

- Toda operación á marxe do procedemento legalmente establecido será sancionado de acordo coas previsións contidas na presente ordena

ARTIGO 14 :EXTINCIÓN DAS LICENZAS

- As licenzas de taxi extínguense por:

1. *Renuncia do titular ou falecemento, sen herdeiros.*

2. *Caducidade, nos casos de incumprimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento.*

3. *Revocación por motivos de oportunidade.*

CADUCIDADE

• *Declararase a caducidade das licencias nos seguintes casos:*

a) *Incumprimento do titular das condicións que xustificaron o otorgamento*

b) *Non iniciar o servizo transcurrido o prazo de suspensión*

c) *Non dedicación do titular á actividade (cando fose exigible) de forma única e exclusiva*

d) *A obtención, xestión o explotación da licenza de calquera forma non prevista legalmente.*

REVOCACIÓN

• *Poderan revocarse as licencias de taxi por motivos de oportunidade de interes publico, tales como circunstancias sobrevenidas non imputables ao titular que aconsellase reducir o numero de licenzas por caída da demanda , exceso de oferta o circunstancias xustificadas. Neste soposto o titular terá dereito á correspondente indemnización económica que se determinara de conformidade cos parametros obxetivos que determinen o seu valor real no mercado.*

O órgano competente para incoar o expediente de extincion de licenzas, poderá adoptar a prohibición de transmisión da licenza, mediante resolución motivada e como medida provisional, ou outra que se estime axeitada para asegurar a eficacia da resolución que poidera recaer.

• *As condicións relativas ó outorgamento, modificación e extinción das autorizacións interurbanas de taxi serán as establecidas na lei autonómica sobre transporte público, e supletoriamente na normativa vixente en materia de transporte de viaxeiros por estrada.*

CAPITULO 2 REXISTRO MUNICIPAL DE LICENZAS

ARTIGO 15 :CONTIDO DO REXISTRO

• *No rexistro municipal de licenzas anotaranse :*

- *Os titulares das licenzas e seus datos identificativos.*
- *Os conductores dos vehículos afectos as licenzas e seus sus datos identificativos.*
- *Os titulares de permisos municipais de conductor de autotaxi e seus datos identificativos.*
- *Os vehículos afectos as licenzas e seus elementos.*
- *As infraccións cometidas e as sancións impostas aos titulares das licenzas ou ós asalariados correspondentes; e, en xeral, a calquera interesado en posesión do permiso municipal de taxista, por infracción das normas vixentes en materia de autotaxis.*
- *A autorización para exhibir publicidade.*

•Asimesmo, a efectos meramente informativos, anotaranse as pignoraciones, cargas e gravámenes de licenzas que sexan comunicadas ao Concello mediante certificación o resolución emitida ao efecto polo Rexistrador ou autoridade xudicial competente.

•Os titulares das licenzas de autotaxi están obrigados a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que deban figurar no rexistro no prazo dun mes.

CAPITULO 3 VISADO

ARTIGO 16 : OBLIGATORIEDADE

•A validez das licenzas quedará condicionada ao seu visado periodico na forma que reglamentariamente se determine .

TITULO III OS VEHICULOS

ARTIGO 17: NORMAS XERAIS

•O titular da licenza ten que ser titular do vehículo que se propoña para prestar o servizo, e deberá figurar como tal no rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

•Nos supostos de transmisión o vehículo poderá ser o mesmo adscrito a licenza cando o novo titular adquiere a disposición do mesmo .

•Deberá concertar de maneira obrigatoria a correspondente póliza de seguros que cubrirá danos a viaxeiros ou a terceiros, con responsabilidade civil ilimitada.

•No permiso de circulación do vehículo deberá constar un domicilio pertencente ó término municipal deste Concello.

ARTIGO 18: PROCEDEMENTO

•Os titulares das licenzas poderán substituir o vehículo adscrito a mesma por outro máis moderno ou de superiores condicións, sempre que supoña mellora para o servizo, reúna as esixencias desta ordenanza e se obteña a autorización do Concello, previo pagamento dos dereitos e taxas correspondentes e informe favorable na revisión efectuada polos servizos técnicos municipais.

•A documentación que o titular deberá presentar con ocasión do cambio de vehículo é a seguinte:

- *Solicitud* con xustificante de pago das taxas por revisión de vehículo e por emisión de certificado).
- *Fotocopia compulsada da documentación do vehículo.*
- *Fotocopia compulsada da póliza de responsabilidade civil contratada, na que se mostre, como mínimo, a cobertura da responsabilidade civil con carácter ilimitado e xustificante do pago da mesma*
- *Licenza municipal do vehículo que vai ser substituído.*

- *A documentación que o Concello considere necesaria para a comprobación da correcta prestación do servizo de taxi.*
- *O Concello poderá realizar cantas revisións do vehículo considere necesarias para comprobar o estado de conservación, limpeza a demais condicións exixidas ós vehículos, previa notificación ó titular.*

ARTIGO 19: PROHIBICIONS

- *As transmisións dos vehículos adscritos a unha licenza, con independencia da mesma, levan implícita a anulación desta, agás que, previamente, o transmitente aplique a aquela outro vehículo da súa propiedade, contando coa previa autorización municipal.*

ARTIGO 20: CARACTERISTICAS DOS VEHICULOS

- *Os vehículos cuya adscripción se solicite a unha licenza de taxi , deberán cumprir cos seguintes requisitos:*
 - *Deben ser clasificados como turismos e ter unha antigüidade máxima de dous anos e non exceder de 20.000 Qm. En todo caso deberán ter unha antigüidade e un quilómetro traxe menor que o vehículo o que substitúan.*
 - *Carrocería pechada con portas de fácil acceso.*
 - *Catro portas como mínimo que deben resultar accionables a vontade do usuario.*
 - *Capacidade mínima para cinco persoas.*
 - *O número máximo de prazas será de sete, debendo respectar en todo caso que o espazo interior do vehículo sexa o suficiente para permitir a comodidade dos usuarios.*
 - *Cor que aprobe o Concello.*
 - *Nas portas dianteiras levarán o anagrama do Concello de Vigo, segundo o modelo oficial que estableza a Corporación.*
 - *O número da licenza figurará en ámbalas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo (parabrisas traseiro na parte inferior dereita) e na parte frontal dianteira do interior do vehículo, coas características e medidas que estableza o Concello. O Concello establecerá con carácter obrigatorio o tamaño, tipo e as características que debe ter o número da licenza. Os distintivos deberán ser adhesivos .*
 - *Poderán levar mamparas de seguridade, sempre que sexan homologadas polo órgano competente de industria e sexan autorizadas polos organismos competentes para a inspección técnica dos vehículos e previa autorización do Concello.*
 - *Poderán levar sistemas de comunicación ou cámaras por motivos de seguridade, sempre que estén homologados e cumpran a normativa aplicable a este tipo de sistemas especialmente en materia de seguridade e protección de datos e previa autorización do Concello.*

- *Deberán ter unhas condicións mínimas e unhas características no seu habitáculo interior suficientes para proporcionar ó usuario e ao condutor a seguridade e comodidade propia deste tipo de servizo. O Concello podera aprobar especificacións técnicas sobre a materia e homologar vehículos para o servizo de taxis .*
- *Dispositivos de calefacción e aire acondicionado.*
- *Dotación de extintor de incendios.*
- *Deberán levar a placa identificativa de servizo publico .*
- *Alumeado eléctrico interior que permita en horas nocturnas a perfecta visibilidade do cuadro de mandos, do taxímetro e de todos os elementos de control do vehículo e que proporcione iluminación suficiente para facilitar o cambio de moeda.*
- *Levarán un taxímetro homologado, debidamente comprobado e precintado, situado na parte dianteira do interior do vehículo no tercio central , de forma que en todo momento resulte visible para o viaxeiro a lectura do precio do transporte, iluminándose no momento que estea en funcionamento .Os taxímetros deberan incorporar obrigatoriamente impresora de factura.*
- *Levarán un dispositivo luminoso na parte superior dianteira do vehículo , aprobado polo Concello , que reflexaran o tipo de tarifa que corresponda no momento , o letreiro de taxi e a luz verde de libre.*
- *Nas portas e na parte posterior levaran xanelas en número suficiente para acadar a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles provistas de vidros transparentes e inestillables .*
- *Espacio dedicado a maletreiro totalmente independente e diferenciado do habitaculo destinado a paxase e suficiente para transportar o equipaxe desta e cunha capacidade mínima de 500 cc.*

ARTIGO 21: DOCUMENTACIÓN

•Os vehículos afectos ó servizo de autotaxis deberán estar provistos da documentación seguinte:

a) Documentos relativos ó propio vehículo e ó seu condutor:

Licencia de autotaxi.

Permiso de circulación del vehículo.

Tarjeta de inspección técnica del vehículo en vigor.

Boletín de control metrológico.

Póliza y recibo de pago del seguro de responsabilidad civil previsto en esta Ordenanza.

Permiso de conducir.

Permiso municipal de conductor de autotaxi.

Tarxeta de conductor.

b) Deben levar nun lugar visible, cando estean de servizo, o tarxeta identificativa de conductor no salpicadero. Este documento sera obrigatorio tanto para os titulares como para os asalariados, e no caso deste último figurará o seu horario de traballo no citado carné.

c) Placa co número da licenza municipal, matrícula e a indicación do número de prazas.

d) A presente Ordenanza, e as súas disposicións complementarias.

e) Impreso oficial das tarifas de prezos vixentes en lugar visible para os usuarios.

f) Talonario de recibos autorizado polo Concello.

g) Libro de reclamacións.

h) Rueiro oficial e plano turístico e listado das direccións e emplazamientos de urxencia en formato papel ou electrónico .

i) En caso de ter instalada mampara, a autorización municipal.

j) En caso de exhibir publicidade, a autorización municipal.

• Os documentos indicados no punto anterior deberán ser exhibidos polo conductor aos inspectores de transportes e axentes da Policía Local cando fosen requeridos para eso.

ARTIGO 22: ANTIGUEDADE

• Os vehículos afectos ó servizo de taxi non poderán permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos, quedando automaticamente suspendida a eficacia da licenza, en tanto non se solicite a adscrición dun novo vehículo . Non obstante e a solicitude do titular os servizos técnicos municipais poderan informar sobre o estado do vehículo e autorizarse unha prorroga por un periodo máximo dun ano , prazo durante o cal debera adscribir un novo vehículo a licenza .

ARTIGO 23 : PROCEDIMENTO

• As solicitudes de cambio de vehículos e no seu caso a solicitude da prorroga ,deberán formularse antes de que expire o prazo de 10 anos do punto anterior e nun prazo máximo de dez días, contados a partir da data de matriculación do citado vehículo.

• Unha vez iniciado o expediente, os interesados deberán presentar o vehículo a requerimento dos servizos inspectores do Concello, quen emitirá informe favorable se o mesmo cumpre os requisitos establecidos nesta Ordenanza.

• En tanto non se autorice a adscrición do vehículo a licenza o vehículo non poderá prestar o servizo público.

TITULO IV: OS CONDUCTORES

ARTIGO 24: NORMAS XERAIS

•Para exercer a actividade de condutor de vehículo autotaxi e necesario estar en posesión do correspondente permiso de condución establecido na lexislación vixente, o BTP, e dispoñer do permiso municipal de condutor de taxi expedido polo Concello.

•O titular da licenza de taxi soamente poderá contratar un condutor asalariado con plena e exclusiva dedicación no autorizándose as contratacións a tempo parcial.

•A relación entre o titular da licenza e as persoas conductoras asalariadas será de carácter laboral

•O titular da licenza deberá presentar a solicitude de alta dun condutor asalariado nun prazo máximo de 5 días no Concello, a partir da data da súa contratación.

•A documentación que deberá presentar o titular da licenza xunto coa solicitude será a seguinte:

^ Fotocopia compulsada do Contrato de Traballo.

^ Vida Laboral do condutor asalariado.

^ Fotocopia compulsada da alta na Seguridade Social.

^ Pago das taxas por expedición da tarxeta de condutor.

En tanto non se autorice polo Concello a adscrición do condutor a licenza, non poderá prestar o servizo.

•No caso de que o asalariado produza baixa, o titular deberá comunicar a mesma nun prazo máximo de 5 días e entregar a tarxeta de identificación correspondente ao contrato.

ARTIGO 25 : OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI. CONDICIÓN EXISIBLES

•Para a obtención do permiso municipal de condutor de taxi, o Concello convocará as probas necesarias como mínimo una vez ao ano, a non ser que haxa circunstancias que motiven a non convocatoria das probas ou que fagan necesaria a convocatoria cunha periodicidade maior. Así mesmo poderán celebrarse probas de aptitud para a obtención do permiso municipal do condutor cando as circunstancias o requiran.

•Na convocatoria establecerase a documentación que deberá ser entregada xunto coa solicitude para o dereito á realización da proba por parte do interesado.

•As probas que deberan superar os aspirantes serán as que determine o Concello.

•Os efectos da convocatoria citada, o interesado que desexe presentarse deberá cumprir os seguintes requisitos:

—Aboar as taxas que en cada caso estableza a Ordenanza fiscal aprobada.

—Coñecer as vías públicas, lugares de interese turístico, hospitais, oficinas públicas, centros oficiais, hoteis e, en definitiva, os itinerarios máis axeitados e directos para chegar ó punto de destino.

–Coñecer a Lei de seguridade vial, a Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como a presente Ordenanza e demais lexislación relativa ó servizo público de taxi, que sexa de aplicación

–Non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercizo da profesión. Xustificarase mediante a presentación do certificado médico que acredite tal circunstancia.

–Non estar inhabilitado para o exercizo da profesión de taxista por sanción administrativa ou sentenza xudicial firmes.

O Concello informara na convocatoria sobre a lexislación que deberán coñecer os aspirantes, así como as probas que deberán superar os mesmos .

ARTIGO 26: RENOVACIONES E DUPLICADOS

•Os permisos municipais de condutor de taxi terán unha validez de dez anos, podendo ser renovados polo mesmo período, sempre que o interesado acredite cumprir os requisitos necesarios para a obtención do devandito permiso, e acreditar o desempeño habitual da profesión durante o citado período o en toda caso con un mínimo de dous anos . En caso de non exercer a profesión durante o período mínimo esixible deberá superar unha proba de aptitude .

•Debe solicitarse a renovación do permiso con anterioridade ó vencemento do prazo de validez ata un máximo de dous meses antes .

•De non solicitarse con anterioridade ao período de validez o dentro do prazo do mes inmediatamente posterior, deberán superar unha proba de aptitude

•Así mesmo, expediranse duplicados dos permisos municipais de condutor de taxi cando sexa necesario nos casos de perda, robo o deterioro . Nos casos de perda o robo deberán presentar a correspondente denuncia ante a Policía Local o Nacional . Nos casos de deterioro deberán entregar o carnet anterior.

ARTIGO 27: CADUCIDADE

•Os permisos municipais de condutor de taxi caducarán:

a)Polo transcurso do prazo de dez anos, sen ter solicitada a renovación.

b)Por xubilación do titular do permiso.

c)Cando o permiso de conducir fora retirado pola Autoridade administrativa ou xudicial competente, ou non fora renovado.

d)Nos demais casos previstos na Lei de seguridade vial e resto de normativa aplicable.

ARTIGO 28: A TARXETA DE IDENTIFICACIÓN DO CONDUCTOR DE AUTOTAXI

1.Para a adecuada identificación do condutor de autotaxi, o Concello expedirá a tarxeta de identificación de condutor que contendrá unha fotografía do condutor, así como o nome , apelidos, número e data de validez do permiso de condutor de autotaxi; matrícula del vehículo e nú-

mero da licenza a que se estea adscrito, así como a modalidade laboral na que presta servizo e o horario de traballo

2.A tarxeta de identificación, que deberá portarse sempre que se esté prestando servizo, se colocará na parte inferior dereita da luna dianteira do vehículo de forma que resulte visible desde o exterior do mesmo.

TITULO V PUBLICIDADE

ARTIGO 29 :NORMAS XERAIS

•Para contratar e colocar anuncios publicitarios no interior e exterior dos vehículos, deberá solicitarse ó Concello a correspondente autorización polas Organizacións representativas do Sector, indicando o contido, o formato, o lugar e modo de colocación do anuncio, así coma unha relación dos vehículos nos que se vai instalar, e garantir, debidamente, que os ingresos que se obteñan da publicidade invertiranse en melloras para a prestación do servizo.

•Non poderán ser solicitadas autorizacións individualmente .

•Non se autorizarán anuncios publicitarios de tabaco, bebidas alcóholicas, sexistas, nin aqueles que poidan resultar contrarios ós criterios fixados pola Corporación.

•A publicidade interior irá colocada no respaldo dos asentos dianteiros e os anuncios non serán fíxos nin de adhesión directa, senon que disporán dun soporte, a fin de que poidan ser colocados ou retirados, a decisión do titular da licenza.

•A publicidade exterior podera ir colocada na luneta traseira, de forma que no perxudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do vehículo nin a vision dos distintivos de taxi dende o exterior, tamen podera colocarse ó longo das portas traseiras, mediante unha banda de 40 cm. de ancho e a lonxitude do ancho da porta traseira.

•Asimesmo podera autorizarse na parte superior do vehiculo en soporte homologados para tal fin e sempre que o modelo e o diseño sexa aprobado previamente polo Concello.

•Para que o Concello poida autorizar calquera tipo de publicidade nun vehículo é imprescindible que, tanto o titular da licenza como o vehículo, cumpran con tódalas prescricións da presente Ordenanza.

•Non podera colocarse publicidade nun vehiculo sen haber sido previamente autorizada .

TITULO VI PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 30 : CONCERTACION DO SERVIZO

•A concertación do servizo de taxi efectuarase por petición da persoa usuaria:

^ Nas paradas establecidas.

^ Mediante a súa chamada na vía pública.

^ Por medios telemáticos e telefónicos.

^ Mediante reserva previa.

^ Mediante outros sistemas que legalmente poidan establecerse.

A contratación do servizo , levarase a cabo mediante a contratación da capacidade total do vehículo , agás que se aprobe o sistema de taxi compartido.

ARTIGO 31 : PREFERENCIA

•Cando os vehículos autotaxis non estean ocupados por pasaxeiros , deberán estar circulando ou situados nas paradas sinaladas ó efecto, a non ser que deban de estacionar en outros lugares seguindo instruccións do usuario, ou por outras necesidades xustificadas sempre que o lugar de estacionamento estea autorizado.

•Cando os condutores de autotaxis que circulen en situación de libre sexan requeridos por varias persoas o mesmo tempo para a prestación dun servizo , ateneranse as seguintes normas de preferencia:

a)Persoas que se atopen na beirarrua correspondente o sentido de circulación do vehículo.

b)Doentes , impedidos e ancians.

c)Persoas acompañadas de nenos e mulleres embarazadas.

d)As persoas de maior idade.

•Nas paradas a preferencia virá determinada pola orde de chegada dos usuarios e por orde de estacionamento.

•Non podera pararse un taxi nas cercanías das paradas cando nas mesmas houbese taxis libres o usuarios esperando con excepción das persoas de mobilidade reducida.

•Nas áreas de influencia das estacions de ferrocarris, terminais de autobuses interurbanos, porto aeroporto ou lugares análogos, delimitadas pola Corporación, non se poderá coller servizo fora das paradas autorizadas a tal efecto.

ARTIGO 32 : INICIACION DO SERVIZO

•Os vehículos autotaxis , cando non estean ocupados, xa sexa nas paradas ou en circulación , para indicar a situación de libre , deberán levar encendida na parte superior dianteira da carrocería e conectada có aparato taxímetro, unha luz verde que se apagará o ocuparse o vehículo.

•Cando un pasaxeiro faga sinal para deter un autotaxi en situación de “libre” o conductor deberá para-lo vehículo no lugar apto mais proximo, se está circulando, quita-lo libre e non procederá a poñer en marcha o contador do taxímetro (baixada de bandeira) , ata ranuda-la marcha para empezar a cumpri-lo servizo que se lle encomende .

•Se iniciado un servizo, o conductor esquercherà poñer en marcha o contador , será do seu cargo exclusivo o importe devengado ata o momento de advertir a falta, aínda que fose o de remata-la carreira, con exclusión do importe de baixada de bandeira, a non ser que o pasaxeiro estea disposto a abonarlle a cantidade que, de común acordo, conveñan.

•Cando se trate dun servizo contratado por emisora , teléfono u outro medio telemático ,o servizo entenderase iniciado onde estivese o vehículo pero sin que en ningún caso poida superarse a tarifa fixada como mínima cando recolla ao usuario .

ARTIGO 33: PAGAMENTO DO SERVIZO

- O pagamento do importe do servizo efectuarao o usuario no momento en que o servizo remate.
- Cando os viaxeiros abandoen transitoriamente o vehículo por eles alugado e os condutores deban esperar o regreso daqueles, poderán recabar dos mesmos, a título de garantía e contra recibo, o importe do percorrido efectuado máis media hora de espera en zona urbana e unha en descampado, esgotada a cal poderán considerarse desvinculados do servizo.
- Os condutores de vehículos autotaxis están obrigados a proporcionar ó cliente cambio ata 20 euros; se non dispuxesen do cambio necesario por a citada cantidade, abandoarán o vehículo para proveerse del, parando o taxímetro.
- Ó chegar o lugar de destino, o conductor deberá para-lo contador , e, cumprido este requisito indicará o pasaxeiro o importe do servizo.
- Asi mesmo, deberá para-lo aparato taxímetro no caso de que , durante o servizo, se produza algún accidente ou avaria no propio vehículo que o interrompa
- Os condutores dos vehículo virán obrigados a estender un recibo do importe do servizo.

ARTIGO 34 : AVARIA O ACCIDENTE

- En caso de avaría ou accidente que faga imposible a continuación do servizo, o viaxeiro, que poderá solicitar a súa comprobación ós axentes da autoridade, deberá satisfacer a cantidade que marque o taxímetro ata o momento da avaría ou accidente.

ARTIGO 35: DENEGACION DO SERVIZO

- O condutor dun taxi que fose solicitado persoal, telefónica ou telemáticamente para prestar un servizo, na forma que para estas chamadas estea establecida, non poderá negarse sen causa xusta.
- Podera ser motivo de negativa:
 - a)Ser requerido por individuos que desperten fundada sospeita, caso no que o conductor poderá solicitar a debida identificación perante os axentes da autoridade.
 - b)Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das plazas autorizadas para o vehículo.
 - c)Cando calquera dos pasaxeiros se encontre en estado de embriaguez manifesta, ou baixo o efecto de estupefacientes.
 - d)Cando a vestimenta dos viaxeiros e os bultos, equipaxes ou animais dos que sexan portadores poidan, de forma manifesta, ensuciar, deteriorar ou causar danos no vehículo.

e)Cando as maletas, equipaxes ou bultos que leven os pasaxeiros, non collan no maleteiro e este teña a capacidade legalmente establecida.

f)Cando sexa requerido para prestar servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes o do conductor, como do vehículo.

g)Cando sexa solicitado para finalidades ilícitas o cando concorran circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas o do vehículo.

•O conductor de autotaxi que sexa requirido para prestar servizo a invidentes ou persoas de mobilidade reducida , non poderá negarse polo feito de ir acompañados de can guía ou cadeira de rodas.

TITULO 1ARTIGO 36: OBXETOS PERDIDOS

•Os obxectos que atopase o conductor no vehiculo deberá entregalos o mesmo día, ou a máis tardar dentro das seguintes 24 horas , nas dependencias da Policial Local ou nos lugares que se designe polo Concello , detallando as circunstancias do atopado e deberán comunicalo no mesmo prazo ao servizo municipal de transportes .

ARTIGO 37: FORMA DE PRESTACION DO SERVIZO

Os conductores de vehiculos autotaxi están obrigados a :

a) Entregar ao viaxeiro o recibo do sevizo prestado .

b) Axudar a subir e baixar do vehículo os viaxeiros que o necesiten en razón da idade, discapacidade ou estado de saúde.

c) Recoller a equipaxe do viaxeiro , poñelo no maleteiro e entregalo ao final do servizo

d) Coidar o aspecto persoal e vestir-se axeitadamente para o servizo.

e) Aumentar ou diminuír o volume da radio e outros dispositivos de audio e vídeo que pode ser instalado no vehículo, ou fóra do mesmo , se o viaxeiro así o solicita.

f) Permitir a apertura ou peche das fiestras da fronte ou de traseiras

g) O respecto a elección do usuario sobre o uso de aire acondicionado ou control de temperatura .

h) Facilitar os pasaxeiros que o solicitan o Libro de Reclamacións .

i) Revisar o interior do vehículo, ao final de cada servizo para comprobar se o usuario ten esquecido calquera das súas pertenzas nel.

j) Acenderán a luz interior pola noite, para facilitar a subida e baixada, e o pagamento do servizo.

k)Durante a prestación do servizo, en ningunha ocasión e por ningún concepto, os condutores proferirán ofensas ou entablarán discusións que alteren a orde, xa sexa entre sí, cos pasaxeiros, ou co público en xeral.

l)Asimesmo, deberán respetar e admitir o uso do dereito de cooficialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios, nas indicacións necesarias para o cumprimento do servizo.

•Estará prohibido fumar nos vehículos autotaxi , tanto os condutores como os usuarios, debendo levar nos vehículos un cartel que así o indique.

ARTIGO 38: SITUACIONES DE EMERGENCIA

•En casos de calamidade pública ou emerxencia grave, o persoal afecto ó servizo de autotaxis así como os vehículos adscritos ó mesmo quedarán a disposición das autoridades a fin de coad-xuvar á prestación do servizo público de transporte, sen prexuízo de percibir a correspondente retribución e, no seu caso, a indemnización procedente nos casos de deterioro do vehiculo.

ARTIGO 39: DESCANSOS

- Os vehículos deberán prestar o servizo ó público de maneira continuada salvo o disposto en materia de descansos e vacacions.
- En todo caso respetaranse os quendas de servizo no aeroporto regulados pola Xunta de Galicia, de modo que os vehículos que cada día presten servizo en tal lugar non poderán facelo no resto do Concello.
- Coa finalidade de mellorar a organización e o control do sector poderan establecerse quendas de descanso, que se regularán polo Concello de acordo coas Asociacións Profesionais e terán como fin contribuir a mellora da atención ós cidadanos e a correcta distribución do traballo axustando a demanda. Os turnos de descanso obrigatorio non afectarán ós vehículos que deban prestar servizo ese mesmo día no aeroporto.
- Os días de descanso que correspondan a cada licenciam sinalarase obrigatoriamente co distintivo que aprobe o Concello .
- Non se considerará interrupción do servizo o período de vacacións, que non será superior a trinta días ó ano.

ARTIGO 40: PARADAS

O Concello previa consulta as asociacións representativas dos titulares de licencias fixara os puntos de parada nos que os vehículos autotaxi poderan estacionar de forma exclusiva a espera de pasaxeiros. , determinara igualmente o número máximo de vehículos que poden concurrir simultaneamente a cada punto de parada e a forma na que deben estacionar. Para o establecemento das paradas terase en conta, en todo caso e prioritariamente, o mantemento das adecuadas condicións para a fluidez do tráfico.

Os vehículos en circulación no poderán tomar viaxeiros a menos de 100 metros dos puntos de parada establecidos no sentido da marcha.

ARTIGO 41: EUROTAXIS

O número de taxis adaptados debe ser suficiente para atender as necesidades existentes en función da poboación e as circunstancias socioeconómicas da zona, polo que o Concello deba adoptar as medidas necesarias para que o servizo este debidamente cuberto.

Os taxis adaptados darán servizo preferente as persoas con mobilidade reducida , pero non terán ese uso exclusivo.

Os condutores de taxis adaptados serán os responsables da colocación dos anclaxes e cintos de seguridade e da manipulación dos equipamentos instalados que faciliten o acceso aos vehículos e a saída deles das persoas con mobilidade reducida.

TITULO VII REXIMEN ECONOMICO

ARTIGO 42: NORMAS XERAIS

A prestación do servizo de taxi estará suxeita a un reximen de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do coste real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán una adecuada amortización e un razoable beneficio industrial.

As tarifas podrán ser revisadas periódicamente o, de manera excepcional, cuando se produxese unha variación dos costes que altere significativamente o equilibrio económico da actividade.

O Concello fixara as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi ; para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa a su aprobación, ao Consejo Gallego de Transportes, en orden a recabar as consideracions que estime pertinentes e as Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores representativos do sector e as de Consumidores e Usuarios.

En todo caso, a aprobación das tarifas estará suxeita a lexislación vixente en materia de prezos.

As tarifas serán de obligada observancia para os titulares das licenzas de taxi e autorizaciónes interurbanas de taxi e para as personas usuarias.

As tarifas vixentes serán visibles para a persoa usuaria desde o interior do vehículo con indicación dos suplementos e tarifas especiais que procediese aplicar en determinados servizos .

Poderan establecerse tarifas especiais para determinado tipo de servizos , si así o considera procedente o Concello e sempre que sexa par beneficio dos usuarios .

También podrá establecerse un régimen de tarifas específicas en el supuesto de servizos contratados por plaza individual no caso de que se autorice esta modalidade de prestación .

En tanto non se fixe pola Xunta de Galicia unha estrutura armonizada das tarifas, a revisión das mesmas continuara realizándose coa aplicación do IPC do servizo de transporte da Comunidade Autónoma Galega .

TITULO VIII ESTATUTO XURÍDICO DAS PERSOAS USUARIAS DO TAXI

ARTIGO 43. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Sen perjuicio dos dereitos recoñecidos con carácter xeral pola normativa vixente e aqueles outros que lles recoñezan as normas que desenrolen a presente lei, as persoas usuarias do servizo de taxi teñen os seguintes dereitos:

- a) A acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os conductores e conductoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda as persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas , o a mulleres xestantes, debendo cargar e descargar seu equipaxe.*
- b) A identificar a persoa conductora e recibir unha atención correcta de quen presta o servizo.*
- c) A prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e exterior, en cuanto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.*
- d) A subir e baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantizada a seguridade das persoas.*
- e) A seleccionar o percorrido que estimen máis adecuado para a prestación do servizo. No suposto de non exercitaren o referido dereito, sempre debe realizarse seguindo o itinerario previsiblemente máis corto, tendo en conta tanto a distancia a percorrer como o tempo estimado de duración do servizo, según as condicións de saturación da circulación.*
- f) A obter información sobre o número de licenza de taxi o autorización interurbana de taxi e as tarifas aplicables os servizos.*
- g) A poder ir acompañada dun can guía no caso das persoas cegas o con discapacidade visual.*
- h) A transportar equipaxes de conformidade coas condicións que regulamentariamente se establezcan.*

i) A que se facilite a persoa usuaria o cambio de moneda ata a cantidade que legalmente se establezca.

j) A recibir un documento xustificativo da prestación do servizo no que conste o prezo, orixen e destino do servizo, o número de licenza de taxi do vehículo que atendió o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa conductora e a petición da persoa usuaria, o itinerario percorrido.

k) A formular as reclamacións que estimasen oportunas en relación coa prestación do servizo, debendo facilitar o conductor o conductora, a petición da persoa usuaria, follas de reclamacións.

ARTÍCULO 44: DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias do servizo de taxi haberán de cumprir as normas de utilización que se establezan legalmente tendo, en todo caso, os seguintes deberes:

a) Adoptar un comportamento respetuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na conducción do vehículo e sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.

b) Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réximen de tarifas aprobadas legalmente

c) Non manipular, destruír ou deteriorar ningún elemento do vehículo durante o servizo.

d) Absterse de fumar, beber alcohol ou consumir calquera tipo de sustancia estupefaciente no interior do vehículo.

e) Respetar as instrucións da persoa conductora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade.

f) A demais que se establezan na normativa de aplicación .

TITULO IX: INFRACCIONS E SANCIONS. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

CAPITULO 1 INFRACCIONS : FALTAS MOI GRAVES, GRAVES E LEVES. PRESCRICIÓN

ARTIGO 45 INFRACCIONS

Son infraccións as accións e omisións que contraveñan as obrigas establecidas nesta Ordenanza e no resto de normativa aplicable a título de dolo, culpa, ou simple inobservancia.

•As infraccións califícanse en moi graves, graves e leves.

ARTIGO 46 FALTAS MOI GRAVES

•Considéranse faltas moi graves:

a) A realización de servizos de taxi carecendo da preceptiva licenza o con a mesma suspendida, anulada, caducada , revocada , sen haber realizado o visado obrigatorio o calquera outra circunstancia pola que as habilitacións para exercer a actividade non sexan válidas .

b) A prestación de servizos de taxi por persoas que carezan do permiso municipal de condutor de taxi ou habilitados para a prestación do servizo polo Concello nunha determinada licenza

c) A cesión o transmisión da licenza de taxi sen a preceptiva autorización do Concello.

d) O falseamento de documentos que tiveran que ser presentados como requisitos para a obtención da licenza o dos datos que deban figurar na mesma .

e) A negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección que impida o exercizo das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.

f) Non presentar o vehículo as revisións periódicas que estableza o Concello

g) O incumprimento por parte do titular do vehículo da obriga de suscribir os seguros obrigatorios.

h) O incumprimento das obrigacións de prestación do servizo .

i) Non levar aparato taxímetro , a manipulación do mesmo , facerlo funcionar de maneira inadecuada, impedir a súa visibilidade , asin como totalas accións destinadas a alterar o seu correcto funcionamento, aínda cando este non se encontrase en funcionamento no momento da inspección .

j) Prestar o servizo con un número de ocupantes que supere o número de prazas autorizadas

k) A realización de servizos de transporte de persoas mediante cobro individual , agás que estivese autorizado .

l)O incumprimento, tanto por exceso como por defecto, das horas de traballo, das normas de organización do servizo, e a negativa á prestación de servizos extraordinarios, especiais ou de urxencias.

m) Prestar servizo os días de descanso que se establezan pola Corporación.

n) Prestar servizo na cidade os días que teñan asignados como de servizo no aeroporto, de acordo coa normativa autonómica.

ñ) Conducir o vehículo baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou estupefacientes.

o) Calquera outra que se estableza como falta moi grave na Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia ou noutra normativa legalmente establecida.

p) A captación de viaxeiros mediante a formulación persoal de ofertas de viaxes en andenes, vestíbulo de estación, ou escoller pasaxe de calquera outra forma fora das normas prescritas nesta Ordenanza.

ARTIGO 47 FALTAS GRAVES

•Considéranse faltas graves:

- a) Carecer do documento para formular reclamacións dos usuarios o negar u obstaculizar a súa disposición ao público
- b) Non atender a demanda de servizo o abandonar un servizo antes da súa finalización , salvo que existiesen causas xustificadas de perigo fundado para a persoa conductora o para o vehículo.
- c) Iniciar un servizo de transporte nun termino municipal distinto ao que corresponde a licenza , salvo nos supostos legalmente exceptuados .
- d) Incumprir o reximen de tarifas vixente para o servizo de taxis
- e) Prestar o servizo con vehículos distintos aos adscritos a licenza.
- f) Non cumprir as ordes concretas do itinerario marcado polo viaxeiro, percorrendo maiores distancias innecesarias.
- g) Non levar no vehículo a documentación preceptiva
- h) A retención de obxectos abandonados no vehículo sin facer entrega dos mesmos.
- i) Non dispoñer do cadro de tarifas e do resto da documentación que tivera que exhibirse para coñecemento dos usuarios .
- j) O trato desconsiderado aos clientes , e a non prestación do servizo nas debidas condicións de hixiene e /o calidade exisibles .
- k) Esixir novo importe de baixada de bandeira, cando o usuario rectifique o termo de carreira antes de rematar a mesma, o cando se apeara un acompañante..
- l) A difusión de ofertas comerciais para a realización de actividades en vehículos de turismo sin dispoñer dos correspondentes títulos habilitantes para o exercicio das actividades.
- m) Calquera outra que se estableza como falta grave na Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia ou noutra normativa legalmente establecida

TITULO 2ARTIGO 48: FALTAS LEVES

•Teñen a consideración de faltas leves:

- a) Non levar en lugar visible os distintivos que fosen exisibles o levarlos en condicións que dificulten a súa percepción
- b) Non respetar os dereitos das persoas usuarias
- c) Incumprir as normas sobre publicidade
- d) Non entregar o recibo o factura do servizo prestado o entregar un recibo que non cumpra os requisitos establecidos

- e) *O incumprimento polas persoas usuarias dos deberes que lles corresponden*
- f) *Non levar a placa relativa a súa condición de servizo público.*
- g) *Carecer do cambio de moneda ate a cantidade legalmente establecida.*
- h) *Non aceptar que o usuario faga uso indistintamente das linguas castelá e galega, nas indicacións para a necesaria prestación do servizo.*
- i) *Carecer de espacio libre no maleteiro .*
- j) *Calquera outra que se estableza como falta leve na Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia ou noutra normativa legalmente establecida.*

ARTIGO 49 : SANCIONS

As infraccións moi graves poderan sancionarse con:

Multa dende 2001 euros e até 6000 euros.

As infraccións graves poderan sancionarse con:

Multa desde 401 euros a 2000 euros.

As infraccións leves poderan sancionarse con:

Multa até 400 euros.

Ademais das sancions , poderá declararse a caducidade da licenza municipal , asi como do permiso municipal de conductor por incumplir as condicións que xustificaron o seu otorgamento o as que resulten necesarias para o exercicio da actividade .

As sancions se graduarán en función dos danos e perxucios causados a intencionalidade e a reincidencia . Considerarase reincidencia a comision no prazo dun ano de máis dunha infracción administrativa da mesma natureza declarada por resolución firme en via administrativa .

As infraccións e sancións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ó ano.

•O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día en que a infracción se cometeu, e o das sancións, dende o día seguinte a aquel en que adquiriu firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

•Interrompírase a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e recomenzará o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese para lizado durante máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

•No caso das sancións, a prescrición se interrompírase coa iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá a transcorrer o prazo se o citado procedemento estivese paralizado durante máis dun mes por causa imputable ó infractor.

•Todas as sancións, serán anotadas no expediente personal dos profesionais, tanto titulares como resto de condutores, dentro do Rexistro Municipal de Licenzas.

•CAPITULO 2 : PROCEDEMENTO SANCIONADOR

•O procedemento sancionador será o establecido na Lei 30/1992 de 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como na normativa que se dicte en materia de transportes e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto

•O procedemento sancionador será incoado de oficio:

- Por acordo do órgano competente.
- Por denuncia dun terceiro. Calquera persoa (particular. Central Sindical, Agrupación Profesional ou Asociación de Consumidores e Usuarios), poderá formular denuncia por feitos que constitúen infracción dos preceptos contidos nesta Ordenanza.
- Están obrigados a formular denuncia os axentes da autoridade.

Antes do inicio do procedemento administrativo sancionador o Organo competente de oficio o a instancia de parte , nos casos de urxencia para protexer provisionalmente os intereses das persoas implicadas , pode adoptar as medidas adecuadas o efecto , medidas que deberan ser confirmadas , modificadas o levantadas polo acordo de incoación do procedemento sancionador que debera producirse nos quince días seguintes al de adopción do acordo

DISPOSICION TRANSITORIA

Os titulares que no momento de entrada en vigor da presente ordenanza fosen titulares de dous licenzas autorizadas polo Concello, poderan seguir mantendo a súa titularidad hasta que efectúen a transmisión dalguna delas .

DISPOSICION DERROGATORIA UNICA

Queda derogada na súa totalidade a anterior Ordenanza municipal reguladora do servizo de autotaxi da cidade de Vigo, aprobada polo Pleno da Corporación en data 26 de maio de 1994.

Mantén a súa vixencia a Disposición complementaria para regulación das quendas de descanso do sector de autotaxi da cidade de Vigo aprobada por Acordo Plenario de data 6 de setembro de 2010 e prorrogada por Acordo Plenario de data 31 de xaneiro de 2011, en tanto non sexa substituída por unha nova regulación

DISPOSICION FINAL PRIMEIRA

A entrada en vigor de normas de rango superior ao desta Ordenanza que afecten as materias reguladas na mesma determinará a aplicación daquelas sen perxucio da posterior adaptación no que fose necesario da Ordenanza

DISPOSICION FINAL SEGUNDA

De conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de rexime local , a presente Ordenanza entrara en vigor aos quince días habiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra , una vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación

27(667).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 16.06.14 DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FOMENTO, SOLICITANDO AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA REMATE E XUSTIFICACIÓN DAS OBRAS “REFORZO DE FIRME NA AVDA. DO TRANVÍA PK3+140 A PK3+890”.EXPTE. 69872/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Vías e Obras, do 16.06.14, conformado polo asesor xurídico da Área de fomento, que di o seguinte:

Con data 14 de outubro a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de participación do Concello de Vigo no “Plan Marco: Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal 2013-2014”, financiado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

No dito acordo foi designado vostede como representante do Concello de Vigo ante a Consellería de Medio Rural e do Mar, para os trámites que fosen precisos para a obtención das axudas previstas para este Concello no Plan Marco citado (o acordo xa foi remitido no seu día á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, AGADER, xunto coa solicitude de axuda). O Concello de Vigo resultou beneficiario das axudas do Plan Marco para o “reforzo de firme na Avda do Tranvía PK 3+140 a PK 3+890”.

Con data do pasado 26 de maio, recibíuse neste Concello notificación do Subdirector de planificación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), no sentido de que é posible conceder unha prórroga para xustificar as inversións no caso de ser necesario, sempre que o proxecto estivese iniciado e a solicitude tivese entrada no rexistro xeral de AGADER antes de finalizar o prazo de execución e xustificación (30.06.2014).

Para executar as referidas obras, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 4 de abril de 2014, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Corrixir o erro no proxecto de reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. do Tranvía P.K. 3+140 a P.K. 3+890 aprobado por ese órgano en sesión de 14 de outubro de 2013, no senso de substituír no seu apartado 9 “normativa e lexislación aplicable”, a Lei 22/2011 de 28 de xullo, de Residuos e Solos Contaminados no lugar da Lei 10/1998.

(A solicitude da titular da Asesoría Xurídica Municipal, o proxecto deberá contar coa correspondente dilixencia de aprobación pola Xunta de Goberno Local).

Segundo.- Aprobar a tramitación ordinaria do expediente para contratar a execución das obras do proxecto “de reforzo da capa de rodadura do firme na Avda. do Tranvía do P.K. 3+140 a P.K.3+890”, por procedemento aberto.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación das referidas obras redactado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, e o Asesor Xurídico da Área de Fomento de data 25 de marzo de 2014.

Cuarto.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares para a referida licitación, redactado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, de data 18 de marzo de 2014.

Quinto.- Autorizar o gasto correspondente ao presuposto base de licitación, por un importe de 66.818,50 €, con cargo ao crédito do orzamento da Área de Fomento na aplicación orzamentaria 1550.210.00.04 "obras de reforzo da capa de rodadura do firme na Avda. do Tranvía do PK3+140 a PK3+890" e ao IVE 14.031,89 € con cargo á bolsa de vinculación, onde existe crédito adecuado e suficiente.

Sexto.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Con data 27 de maio, a mesa de contratación procedeu á apertura das ofertas presentadas para a contratación das obras.

O antedito xustifica que o proxecto está iniciado xa, polo que se cumpre o requisito esixido pola comunicación de 22 de maio de 2014 para poder acollerse á prorroga, que se considera necesaria para poder executar e xustificar a obra en prazo e non perder a axuda concedida.

Polo exposto proponse ao concelleiro delegado da Área de Fomento que solicite a AGADER a ampliación do prazo para a execución da obra e a súa xustificación ata o 30 de setembro de 2014.

Con data 16.06.14, o concelleiro delegado da Área de Fomento resolve de conformidade co exposto no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

28(668).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA "CARREIRA POPULAR IRMANDADE DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DE MATAMÁ" O VINDEIRO 28 DE XUÑO DE 2014. EXPTE. 13201/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.06.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Asociación da Irmandade Nosa Sra. Das Neves de Matamá o vindeiro sábado 28 de xuño de 2014, a "CARREIRA POPULARA IRMANDADE DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DE MATAMÁ", dita carreira comenará ás 20.30 horas, tendo a súa saída dende o Torreiro e percorrerá por Manuel Cominges, Barxa, Vilar, Balsa, Carpinteiro, Cño. Sanin, Leonardo Alonso, Ribas interior, Parada, Castro, Roupeiro, Sabarís-Teixeira, Campos Carapucha, Revolta, Manuel Cominges e chegada a meta na Alameda.

29(669).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.